En ambos casos o financiamento mantén o seu carácter de definitivo para o caso de que a resolución desta problemática nos tribunais sexa desfavorable aos intereses da Corporación. Pola contra, se os litixios se resolveran en sentido positivo para a CRTVG, procederase ao reembolso a favor da Xunta de Galicia nos termos que determine a Consellería de Facenda.

"Outros pasivos financeiros" a curto prazo inclúe a débeda con provedores de inmovilizado en 2024 por 6.306.548 euros (5.702.349 euros en 2023).

"Débedas con empresas do Grupo e asociadas" a curto prazo no 2024 inclúe a débeda con provedores por operacións comerciais con Retegal de 909.706 euros (0 euros en 2023) e polo Convenio de financiamento asinado coa Consellería de Facenda é de 1.475.633 euros (0 euros en 2023) -véxase nota 25-.

"Outras débedas coas administracións públicas" inclúe unha débeda orixinada como consecuencia dunha sentenza do TEAC polo IVE do ano 2016 e 2017 -meses xuño a outubro-, en base á cal a AEAT ditou un acordo o 19 de febreiro de 2025 por 15.913.516 euros, que foi pagado o 24 de marzo do 2025.

A exposición ás variacións nos tipos de xuro das contas para pagar da Sociedade non é significativa.

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

### Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

#### 20. Información sobre os aprazamentos de pagamentos efectuados a provedores. Disposición adicional terceira. “Deber de información” da Lei 15/2010, do 5 de xullo.

O detalle dos pagamentos por operacións comerciais realizadas durante os exercicios 2024 e 2023 e pendentes de pago ao peche dos mesmos en relación cos prazos máximos legais previstos na Lei 15/2010 son os seguintes:

|                                                              | Días       |            |
|--------------------------------------------------------------|------------|------------|
|                                                              | 2024       | 2023       |
| Período medio de pago a provedores                           | 6          | 6          |
| Ratio de operacións pagadas                                  | 7          | 7          |
| Ratio de operacións pendentes de pago                        | 1          | 1          |
|                                                              | Euros      |            |
|                                                              | 2024       | 2023       |
| Total pagos realizados                                       | 82.294.521 | 76.033.343 |
| Total pagos pendentes                                        | 8.545.559  | 7.853.966  |
| Volume monetario facturas pagadas período inferior a 60 días | 82.016.361 | 75.976.289 |
| Número facturas pagadas período inferior a 60 días           | 9.952      | 9.984      |
| Porcentaxe sobre volume total monetario de los pagos         | 99,66%     | 99,92%     |
| Porcentaxe sobre número total de facturas                    | 98,78%     | 99,87%     |

O prazo máximo legal para os pagos por operacións comerciais, fíxase en 60 días a partires da prestación ou recepción do ben ou servizo para este exercicio.

#### 21. Situación fiscal

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., ten abertos a inspección os exercicios 2021 ao 2024, ámbolos dous incluídos, para tódolos impostos aos que, pola súa actividade, se atopa suxeita, salvo para o Imposto sobre Sociedades, para o que tamén está aberto o exercicio 2020.

A CRTVG está inmersa nunha problemática derivada das actuacións cambiantes da AEAT en canto aos diversos criterios de liquidación de IVE que tratou de impoñer nestes últimos anos:

- “Prorrata xeral” sobre o IVE Soportado (anos 1998 a 2000). A AEAT pretendeu restrinxir a plena deducibilidade do IVE soportado, de xeito que a porcentaxe de IVE deducible determinábase polo resultado dunha división, na que no numerador situábanse os “Ingresos suxeitos a IVE” e no denominador as “Achegas públicas + Ingresos suxeitos a IVE”. Este conflito foi resolto nos tribunais a favor da CRTVG.
- “Actividade dual” sobre o IVE Soportado (anos 2013 e 2014). A AEAT pretendeu considerar á CRTVG unha entidade dual que realizaba unha actividade “non suxeita” a IVE (emisión de programas) e outra actividade “suxeita” (ventas de publicidade, fundamentalmente). Deste xeito, o IVE soportado sería plenamente deducible para os gastos directamente relacionados coa publicidade e para o resto dos gastos sería deducible na porcentaxe que representaban os ingresos publicitarios. Tratábase polo tanto dun criterio moi semellante ao pretendido para a controversia dos anos 1998 a 2000. Este conflito foi resolto nos tribunais a favor da CRTVG.
- “Contraprestación de servizos” sobre o IVE Repercutido (ano 2016 ata outubro 2017). A AEAT pretendeu aplicar o criterio baseado en que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. A partir da modificación normativa da Lei 9/2017, de 8 de novembro, segundo a cal se clarifica definitivamente a non suxeición a IVE das achegas públicas, desisten deste criterio. No transcurso dos procedementos de reclamación xudicial os tribunais redireccionaron esta problemática ao criterio da “actividade dual” con “prorrata financeira”, ao igual que para os períodos dende xaneiro 2019 en diante. Este conflito está pendente de resolver polos tribunais.

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

### Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

- “Actividade dual” sobre o IVE Soportado (novembro 2017 ata decembro 2018). A AEAT, despois da modificación normativa da Lei 9/2017, de 8 de novembro, volveu novamente, e de forma semellante aos anos 2013 e 2014, ao criterio da “actividade dual”. Neste caso a AEAT interpretou que hai unha actividade suxeita ao IVE, referente á venda de publicidade comercial e á emisión de xéneros de programas con alta audiencia; e outra actividade non suxeita ao IVE, referente á emisión de xéneros de programas con baixa audiencia. A novidade polo tanto, respecto aos anos 2013 e 2014, é que introduce a variable “audiencia” para interpretar se o IVE é deducible ou non, criterio que, respecto ao da “prorrata financeira”, permite incrementar significativamente as porcentaxes de deducibilidade do IVE soportado. Este conflito está pendente de resolver polos tribunais.
- “Actividade dual” sobre o IVE Soportado (xaneiro 2019 ata a actualidade). A AEAT, insiste no criterio da suposta “actividade dual”, pretendendo revisar e restrinxir a deducibilidade do IVE aplicando a “prorrata financeira”, modificando polo tanto substancialmente os criterios de deducibilidade adoptados pola propia AEAT na inspección do período inmediatamente anterior a este (de novembro 2017 ata decembro de 2018). Este conflito está pendente de resolver polos tribunais.

A continuación dase detalle por períodos, criterios e contías da situación dos expedientes de reclamación ou revisión de IVE que se atopan en curso:

- Respecto ao IVE do exercicio 2017 (meses de xaneiro a maio), a controversia comezou polo IVE Repercutido. O 17 de xullo de 2017 iniciouse inspección por parte da AEAT, en base ao criterio expresado polo Tribunal Económico Administrativo Central (Resolución núm. 2663/2014, de data 25/04/2017 entre outras). A AEAT interpretou que o servizo de elaboración e emisión dunha determinada programación televisiva e radiofónica é unha actividade suxeita e non exenta do IVE, e non resulta de aplicación o suposto de non suxeición previsto no artigo 7.8 de Lei do IVE, e polo tanto as cantidades percibidas da Comunidade Autónoma forman parte da base imponible do IVE. O 14 de novembro de 2017 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación mediante o cal reclama 4.176.945 euros, en concepto de cota máis xuros de demora polo IVE repercutido en dito período. A Sociedade, pola contía deste Acordo, depositou un aval bancario na AEAT, co obxecto de evitar o desembolso en metálico. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade interpuxo reclamación económico-administrativa ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia (en adiante TEARG) o 21 de marzo do 2018, para reclamar as cantidades non abonadas pola AEAT por 4.106.167 euros. O TEARG emitiu fallo o 30 de xullo de 2020 (notificado o 5 de outubro de 2020) desestimando a reclamación e confirmando os actos impugnados. Contra esta resolución a CRTVG presentou o 4 de novembro de 2020 recurso de alzada ante o Tribunal Económico Administrativo Central (en diante TEAC). O 21 de novembro do 2022 o TEAC emitiu fallo estimando en parte o recurso de alzada, recoñecendo que non é aplicable o criterio de “contraprestación de servizos”, pero que si sería de aplicación o da “actividade dual”. Contra esta resolución a Sociedade interpuxo o 7 de marzo de 2023 recurso contencioso-administrativo e presentou o 25 de maio de 2023 escrito de conclusións ante a Audiencia Nacional. Sen prexuízo da interposición do recurso contencioso-administrativo, ao non encontrarse suspendida a resolución do TEAC impugnada, a Axencia Tributaria procedeu a executar dita resolución mediante acordo de 28 de xullo de 2023 no que anulou a liquidación recorrida que fora ditada por importe de 4.176.945 euros (polo que se recuperou ese aval) e ditou un Acordo de Execución con “prorrata financeira” do que resultou unha débeda a ingresar de 150.269 euros, inicialmente avalada e finalmente abonada en metálico o 10 de xaneiro de 2025. Este Acordo de Execución foi recorrido o 1 de setembro de 2023 ante o TEAC. Por este período a CRTVG ten pendente de recuperar un total 4.256.437 euros (4.106.167 e 150.269 euros).
- Respecto ao IVE do exercicio 2016 e 2017 (meses de xuño a outubro), a controversia comezou novamente polo IVE Repercutido. O 17 de febreiro de 2020 iniciouse a inspección abrangendo os períodos do ano 2016. Posteriormente, o 22 de xuño de 2020, a inspección ampliouse, entre outros, aos períodos de xuño a outubro do 2017. A AEAT volve de novo, ao igual que no período de xaneiro a maio de 2017, ao criterio de “contraprestación de servizos”, que na práctica supón aplicar o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. O 23 de febreiro de 2021 a AEAT emitiu dous Acordos de Liquidación mediante os cales, en concepto de cota máis xuros de demora, polo exercicio 2016 reclama 23.052.557 euros e polos

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

### Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

meses de xuño a outubro do 2017 reclama 9.247.411 euros (en total 32.299.968 euros). A Sociedade, pola contía destes Acordos, depositou dous avales bancarios na AEAT, co obxecto de evitar o desembolso en metálico. Contra os devanditos Acordos de Liquidación a Sociedade presentou o 3 de decembro de 2021 reclamación económico-administrativa ante o TEARG. O 13 de maio de 2022 o TEARG emitiu resolución estimando en parte a reclamación, recoñecendo que non é aplicable o criterio de “contraprestación de servizos”, pero que si sería de aplicación o da “actividade dual”. Contra esta resolución a CRTVG presentou o 6 de xullo de 2022 recurso de alzada ante o TEAC, que foi resolto mediante a resolución de 26 de novembro de 2024 na que se acordou estimar este recurso. Fronte a esta resolución a CRTVG interpuxo o 20 de decembro de 2024 recurso contencioso-administrativo e presentou o 18 de marzo de 2025 escrito de conclusións ante a Audiencia Nacional. Pola devandita resolución a AEAT ditou un Acordo de Execución con “prorrata financeira” o 19 de febreiro de 2025 (recorrido ante o TEAC o 10 de marzo de 2025) do que resultou unha débeda a ingresar polo exercicio 2016 de 11.881.913 euros e polo ano 2017 -meses de xuño a outubro- de 4.031.603 euros (en total 15.913.516 euros), abonada á AEAT o 26 de marzo do 2025.

- Respecto ao IVE do exercicio 2017 (meses de novembro e decembro) e ao IVE do exercicio 2018, a controversia é polo IVE Soportado. O 28 de agosto de 2018 iniciouse unha nova inspección por parte da AEAT, cunha motivación moi semellante á dos exercicios 2013 e 2014, ao interpretar que a Sociedade é unha entidade dual que realiza unha actividade suxeita ao IVE, referente á venda de publicidade comercial e á emisión de xéneros de programas con alta audiencia; e outra actividade non suxeita ao IVE, referente á emisión de xéneros de programas con baixa audiencia. Isto en esencia o que supuxo foi a aplicación dunha “prorrata branda” que mellora substancialmente a porcentaxe de deducibilidade respecto á “prorrata financeira”. O 4 de marzo de 2019 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación con importe a favor da Sociedade de 4.147.405 euros, polo IVE soportado dos meses de novembro e decembro de 2017 e de todo o exercicio 2018. Esta Liquidación foi aboada pola AEAT con data 11 de marzo de 2019. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade interpuxo o 20 de novembro de 2019 reclamación económico-administrativa ante o TEARG, para reclamar as cantidades non abonadas pola AEAT relativas as cotas de IVE soportado que a Axencia Tributaria non admitiu como deducibles por importe de 3.333.356 euros. O TEARG emitiu fallo o 30 de abril de 2021 desestimando a reclamación e confirmando os actos impugnados. Contra esta resolución a CRTVG presentou o 21 de xuño de 2021 recurso de alzada ante o TEAC. O 23 de maio de 2023 o TEAC emitiu fallo desestimando o devandito recurso e confirmando a resolución impugnada. Contra esta resolución a Sociedade interpuxo o 28 de xuño de 2023 recurso contencioso-administrativo e presentou o 14 de marzo de 2024 escrito de conclusións ante a Audiencia Nacional.
- Respecto ao IVE do exercicio 2019 e 2020, a controversia é outra vez polo IVE Soportado. O 22 de xuño de 2020 a AEAT amplía a inspección do 2016 e parte do 2017 iniciada o 17 de febreiro de 2020, abrangendo respecto a esta problemática o exercicio 2019 e os meses de xaneiro a abril do 2020. A AEAT, apoiándose nun informe do 9 de xuño de 2020 da “Subdirección General de Ordenación Legal y Asistencia Jurídica”, revisou de novo e restrinxiu a deducibilidade do IVE, polo suposta “actividade dual”, modificando substancialmente os criterios de deducibilidade adoptados pola propia AEAT na inspección do período inmediatamente anterior a este (de novembro 2017 a decembro de 2018). Esta inspección foi ampliada o 23 de marzo de 2021 a todo o ano 2020, aplicando a AEAT para todo o ano 2019 e 2020 a “prorrata financeira”, segundo a cal a porcentaxe de IVE deducible ven determinada basicamente pola división dos Ingresos suxeitos a IVE entre os Ingresos totais (Achegas públicas + Ingresos suxeitos a IVE). A consecuencia foi que a CRTVG unicamente puido deducir un 6% do IVE total. O 23 de xuño de 2021 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación mediante o cal reclama 8.441.810 euros (7.953.224 euros en concepto de cota mais 488.586 por xuros de demora). Esta Liquidación foi abonada pola CRTVG en metálico o 2 de agosto de 2021. Contra o devandito Acordo de Liquidación a Sociedade presentou o 28 de marzo de 2022 reclamación económico-administrativa ante o TEARG, para reclamar a cantidade abonada polo Acordo de Liquidación e as cantidades non abonadas pola AEAT relativas as cotas de IVE soportado que a Axencia Tributaria non admitiu como deducibles, ambas contías ascenden a un importe total de 21.344.287 euros. O 13 de maio de 2022 o TEARG emitiu resolución estimando en parte a reclamación, recoñecendo que non é aplicable o criterio de “contraprestación de servizos”, pero que si sería de aplicación o da “actividade dual”. Contra esta resolución a CRTVG presentou o 6 de xullo de 2022 recurso de alzada ante o TEAC, que foi resolto mediante a resolución de 26 de novembro de 2024 na que se acordou estimar este recurso, resultando favorable á CRTVG por non respectar o Acordo de Liquidación do 4 de marzo de 2019 con

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

### Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

“prorrata branda”, criterio que debería imperar ata o novo Acordo de Liquidación do 23 de xuño de 2021, baixo o principio de confianza lexítima. Fronte a esta resolución, para recuperar a totalidade do IVE soportado, a CRTVG interpuxo o 20 de decembro de 2024 recurso contencioso-administrativo e presentou o 18 de marzo de 2025 escrito de conclusións ante a Audiencia Nacional. Pola devandita resolución a AEAT ditou un Acordo de Execución o 17 de decembro de 2024 do que resultou unha cantidade a devolver á CRTVG de 17.539.419 euros, abonada o 23 de decembro de 2024. En consecuencia a CRTVG no seu Activo un dereito de cobro polos exercicios 2019 e 2020 un importe de 3.804.868 euros.

- Respecto ao IVE do exercicio 2021, a controversia é de novo polo IVE Soportado. O 16 de febreiro de 2022 iniciouse nova inspección por parte da AEAT, cunha motivación igual á dos exercicios 2019 e 2020. A pretensión da AEAT, ao interpretar que a Sociedade realiza unha “actividade dual”, foi aplicar o criterio da “prorrata financeira”. A CRTVG nas declaracións de xaneiro a xuño aplicou os criterios de deducibilidade da inspección do período de novembro de 2017 ata decembro de 2018; pero para as declaracións de xullo a decembro, a Sociedade, para evitar posibles sancións, aplicou o criterio da “prorrata financeira” derivado do Acordo de Liquidación do 23 de xuño de 2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020. O 25 de maio de 2022 a AEAT emitiu Acordo de Liquidación por importe de 332.743 euros, en concepto de cota máis xuros de demora. O 12 de xaneiro de 2023 a Sociedade interpuxo reclamación económico-administrativa ante o TEARG para que se proceda á anulación do devandito acordo e ao recoñecemento do dereito da Sociedade á dedución do 100% das cotas de IVE soportado, e en consecuencia, ordenar a devolución das cantidades indebidamente ingresadas cos correspondentes intereses de mora. O importe pendente de recuperar de IVE soportado non deducido ascende a 10.159.627 euros. O 12 de maio de 2023 o TEARG emitiu fallo desestimando a reclamación e confirmando os actos impugnados. Contra esta resolución a Sociedade interpuxo o 29 de xuño de 2023 recurso de alzada ante o TEAC, que foi resolto mediante a resolución de 20 de febreiro de 2025 na que se acordou estimar este recurso, resultando favorable á CRTVG, para os períodos de xaneiro a xuño de 2021, por non respectar o acordo de liquidación do 4 de marzo de 2019 con “prorrata branda”, criterio que debería imperar ata o novo acordo de liquidación do 23 de xuño de 2021, baixo o principio de confianza lexítima. Fronte á esta resolución do TEAC, para recuperar a totalidade do IVE soportado, a CRTVG presentará recurso contencioso-administrativo ante a Audiencia Nacional. Pola devandita resolución a AEAT ditou un Acordo de Execución o 10 de marzo de 2025 do que resultou unha cantidade a devolver á CRTVG de 3.594.966 euros, pendentes de cobro á data de formulación de contas.
- Respecto ao IVE do exercicio 2022 e sucesivos, dende o Acordo de Liquidación da AEAT do 23 de xuño de 2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020, nos que a Axencia Tributaria aplicou o criterio da “actividade dual”, para evitar posibles sancións, a CRTVG presenta as declaracións mensuais conforme ao criterio imposto, reflectindo na epígrafe VI de Debedores do Activo non corrente, do mesmo xeito que nos anos anteriores, o IVE soportado pendente de recuperar en consideración de que é ao 100% deducible. O importe pendente de recuperar de IVE soportado non deducido ascende a 10.606.707 euros en 2022, 11.845.229 en 2023 e 12.964.526 en 2024.

Á data de formulación das presentes contas anuais o asesor fiscal estima que as demandas interpostas ante a Audiencia Nacional (IVE de xaneiro a maio de 2017, IVE de novembro de 2017 a decembro de 2018, IVE dos exercicios 2019 e 2020, IVE de xuño a outubro de 2017 e IVE do ano 2016), que a reclamación interposta ante o TEAC (IVE do exercicio 2021), e que a reclamación pendente de realizar pola revisión das autoliquidacións (IVE do exercicio 2022, 2023 e 2024), sexan finalmente resoltas de forma favorable á Sociedade cunha posibilidade superior ó 90%. Por este motivo, e considerando o probable prognóstico das reclamacións, o Consello de Administración da Sociedade estima que o desenlace final destes recursos serán favorables aos intereses da mesma e, como consecuencia desta circunstancia e de que a Xunta de Galicia está dando cobertura aos riscos da CRTVG (véxanse notas 19 e 25) non se provisionou contía algunha por este asunto no balance ó 31 de decembro de 2024 que se xunta.

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

Así mesmo, ó 31 de decembro de 2024 na epígrafe do Activo Non Corrente VI.3 “Outros créditos coas administracións públicas” a longo prazo, aparece recollido un importe de 72.884.266 euros, cuxo detalle a 31 de decembro de 2024 e 2023 móstrase a continuación:



| Período         | Euros             |                   |
|-----------------|-------------------|-------------------|
|                 | 2024              | 2023              |
| 2016.01-2016.12 | 11.881.913        | -                 |
| 2017.01-2017.05 | 4.256.437         | 4.106.167         |
| 2017.06-2017.10 | 4.031.603         | -                 |
| 2017.11-2018.12 | 3.333.356         | 3.333.356         |
| 2019.01-2020.12 | 3.804.868         | 21.344.287        |
| 2021.01-2021.12 | 10.159.627        | 10.159.627        |
| 2022.01-2022.12 | 10.606.707        | 10.606.707        |
| 2023.01-2023.12 | 11.845.229        | 11.873.143        |
| 2024.01-2024.12 | 12.964.526        | -                 |
|                 | <b>72.884.266</b> | <b>61.423.287</b> |

Por outra banda, no Pasivo, e co obxecto de compensar a débeda da AEAT descrita anteriormente, aparece recollido na epígrafe do Pasivo Non Corrente “III. Débedas con empresas do Grupo e asociadas a longo prazo”, un importe a 31.12.2024 de 72.884.266 euros (61.423.287 euros a 31.12.2023), que se corresponde coas cantidades financiadas pola problemática do IVE. Nesta epígrafe está incluído, por unha banda, o Convenio de financiamento asinado entre o seu Accionista Único (Xunta de Galicia) e a Sociedade para os exercicios 2016 ata o 2021 (37,5 millóns de euros); e por outra, as achegas patrimoniais finalistas da Xunta de Galicia destinadas á aplicación orzamentaria de “Tributos” dende o exercicio 2022 ata o 2024 (35,4 millóns de euros). En ambos casos o financiamento mantén o seu carácter de definitivo para o suposto de que a resolución desta problemática nos tribunais sexa desfavorable aos intereses da Corporación. Pola contra, se os litixios se resolveran en sentido positivo para a CRTVG, procederase ao reembolso a favor da Xunta de Galicia nos termos que determine a Consellería de Facenda (véxase notas 19 e 25).

A conciliación entre o resultado contable do exercicio 2024 e 2023 e a Base Impoñible do Imposto sobre Sociedades do exercicio é a seguinte:

| Conceptos                      | Euros                |
|--------------------------------|----------------------|
| Resultado contable 2024        | (113.494.065)        |
| Diferenzas permanentes         | 55.386               |
| Diferenzas temporais           | (2.376.272)          |
| <b>Resultado axustado 2024</b> | <b>(115.814.951)</b> |
| <b>Base imponible 2024</b>     | <b>(115.814.951)</b> |
| Conceptos                      | Euros                |
| Resultado contable 2023        | (105.970.972)        |
| Diferenzas permanentes         | 18.108               |
| Diferenzas temporais           | (1.994.273)          |
| <b>Resultado axustado 2023</b> | <b>(107.947.137)</b> |
| <b>Base imponible 2023</b>     | <b>(107.947.137)</b> |

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

### Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

As diferenzas temporais do exercicio 2024 e 2023 orixínanse fundamentalmente polas reversións do 10% do límite establecido ás amortizacións fiscalmente deducibles durante os anos 2013 e 2014 por importe de 2.185 miles de euros.

De acordo coas declaracións presentadas do Imposto sobre Sociedades e unha vez estimada a liquidación do exercicio 2024, as bases impositibles negativas provisionais para compensar son as seguintes:

| Exercicio | Euros       | Exercicio    | Euros                |
|-----------|-------------|--------------|----------------------|
| 1997      | 111.144     | 2012         | 96.991.940           |
| 1998      | 88.458      | 2013         | 84.478.899           |
| 1999      | 186.115     | 2014         | 80.138.061           |
| 2000      | 55.049.137  | 2015         | 89.799.467           |
| 2001      | 57.924.263  | 2016         | 99.413.841           |
| 2002      | 80.066.814  | 2017         | 95.757.989           |
| 2003      | 78.302.037  | 2018         | 94.063.877           |
| 2004      | 82.273.550  | 2019         | 101.164.782          |
| 2005      | 79.433.232  | 2020         | 102.071.561          |
| 2006      | 85.811.393  | 2021         | 104.048.742          |
| 2007      | 92.081.880  | 2022         | 104.522.783          |
| 2008      | 124.307.519 | 2023         | 107.947.137          |
| 2009      | 88.281.447  | 2024 (*)     | 115.814.951          |
| 2010      | 107.957.338 | <b>Total</b> | <b>2.308.249.987</b> |
| 2011      | 100.161.630 | (*) Estimada |                      |

Segundo o artigo 5 do disposto na resolución do 9 de febreiro de 2016, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se desenvolven as normas de rexistro, valoración e elaboración das contas anuais para a contabilización do Imposto sobre Beneficios, para poder recoñecer un activo debe ser probable que a empresa poda obter beneficios fiscais que permitan compensar as citadas bases impositibles negativas nun prazo non superior ao previsto na lexislación fiscal, co límite máximo de dez anos contados dende a data de peche do exercicio, salvo proba de que será probable a súa recuperación nun prazo maior, en aqueles casos nos que a lexislación tributaria permita compensar en prazos superiores ou non estableza un límite temporal para poder practicar a compensación.

O Consello de Administración da Sociedade e os seus asesores fiscais consideran que destas inspeccións e dos exercicios abertos non se producirán pasivos adicionais de importancia para estas contas anuais tomadas no seu conxunto.

## 22. Ingresos e gastos

### a) Transaccións en moeda estranxeira

O detalle das compras en moeda distinta do euro realizadas ao longo do exercicio 2024 e 2023 é o seguinte:

| Euros<br>2024     |         |              |                   |
|-------------------|---------|--------------|-------------------|
| Tipo de moeda     | Importe | Divisa       | Contravalor euros |
| Dólares USA       | 56.464  | USA          | 53.340            |
| Libras esterlinas | -       | GBP          | -                 |
|                   |         | <b>Total</b> | <b>53.340</b>     |
| Euros<br>2023     |         |              |                   |
| Tipo de moeda     | Importe | Divisa       | Contravalor euros |
| Dólares USA       | 165.147 | USA          | 156.586           |
| Libras esterlinas | -       | GBP          | -                 |
|                   |         | <b>Total</b> | <b>156.586</b>    |

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

## Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

### b) Importe neto da cifra de negocios

O importe neto da cifra de negocios correspondente ás actividades ordinarias da Sociedade distribúese xeograficamente e por liña de produto como segue:

|                                       | Euros                              |                  |                  |              |
|---------------------------------------|------------------------------------|------------------|------------------|--------------|
|                                       | Vendas 2024                        |                  |                  |              |
|                                       | Distribución por zonas xeográficas |                  |                  |              |
| Importes totais                       | Galicia                            | Resto España     | Estranxeiro      |              |
| <b>Vendas de publicidade</b>          |                                    |                  |                  |              |
| Vendas brutas publicidade comercial   | 7.988.066                          | 3.787.704        | 4.191.253        | 9.109        |
| Vendas brutas publicidade intercambio | 85.039                             | 33.380           | 51.659           | -            |
| Descontos s/ vendas publicidade       | (439.485)                          | (355.110)        | (84.375)         | -            |
| Rappels sobre vendas                  | (148.735)                          | (40.060)         | (108.675)        | -            |
|                                       | <b>7.484.885</b>                   | <b>3.425.914</b> | <b>4.049.862</b> | <b>9.109</b> |

|                                                       |                  |                  |                  |                |
|-------------------------------------------------------|------------------|------------------|------------------|----------------|
| <b>Vendas de dereitos de emisión e outros</b>         |                  |                  |                  |                |
| Vendas Dereitos Conexión                              | 220.152          | -                | -                | 220.152        |
| Vendas Dereitos Emisión Coproducións Audiovisuais     | 47.829           | 35.829           | 12.000           | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Producción Allea              | 2.779            | 1.630            | 1.149            | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Contratada  | -                | -                | -                | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Interna     | -                | -                | -                | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Novas                         | 1.531            | -                | 1.531            | -              |
| Vendas Dereitos Retransmisións Deportivas             | -                | -                | -                | -              |
| Vendas Derivadas Editoras Musicais                    | 60.852           | -                | 60.852           | -              |
| Vendas Material Arquivo                               | 33.524           | 2.410            | 30.209           | 905            |
| Vendas Producción Publicidade                         | 10.500           | -                | 10.500           | -              |
| Vendas Varias                                         | 13.465           | 5.200            | 8.265            | -              |
| Prestación Asistencia Técnica                         | 35.288           | -                | 35.288           | -              |
| Achegas á produción da Comunidade Autónoma de Galicia | 190.824          | 190.824          | -                | -              |
| Achegas á produción doutras entidades públicas        | 14.107           | 14.107           | -                | -              |
| Achegas á produción doutras entidades privadas        | -                | -                | -                | -              |
|                                                       | <b>630.851</b>   | <b>250.000</b>   | <b>159.794</b>   | <b>221.057</b> |
|                                                       | <b>8.115.736</b> | <b>3.675.914</b> | <b>4.209.656</b> | <b>230.166</b> |

|                                       | Euros                              |                  |                  |              |
|---------------------------------------|------------------------------------|------------------|------------------|--------------|
|                                       | Vendas 2023                        |                  |                  |              |
|                                       | Distribución por zonas xeográficas |                  |                  |              |
| Importes totais                       | Galicia                            | Resto España     | Estranxeiro      |              |
| <b>Vendas de publicidade</b>          |                                    |                  |                  |              |
| Vendas brutas publicidade comercial   | 8.021.824                          | 3.605.758        | 4.409.876        | 6.190        |
| Vendas brutas publicidade intercambio | 51.461                             | 49.945           | 1.516            | -            |
| Descontos s/ vendas publicidade       | (437.355)                          | (374.435)        | (62.920)         | -            |
| Rappels sobre vendas                  | (195.800)                          | (35.897)         | (159.903)        | -            |
|                                       | <b>7.440.130</b>                   | <b>3.245.371</b> | <b>4.188.569</b> | <b>6.190</b> |

|                                                       |                  |                  |                  |                |
|-------------------------------------------------------|------------------|------------------|------------------|----------------|
| <b>Vendas de dereitos de emisión e outros</b>         |                  |                  |                  |                |
| Vendas Dereitos Conexión                              | 211.012          | -                | -                | 211.012        |
| Vendas Dereitos Emisión Coproducións Audiovisuais     | 67.886           | 55.298           | 12.588           | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Producción Allea              | -                | -                | -                | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Contratada  | -                | -                | -                | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Producción Propia Interna     | -                | -                | -                | -              |
| Vendas Dereitos Emisión Novas                         | 1.793            | -                | 1.793            | -              |
| Vendas Dereitos Retransmisións Deportivas             | -                | -                | -                | -              |
| Vendas Derivadas Editoras Musicais                    | 71.239           | -                | 71.239           | -              |
| Vendas Material Arquivo                               | 34.655           | 28.850           | 5.805            | -              |
| Vendas Producción Publicidade                         | 5.100            | -                | 5.100            | -              |
| Vendas Varias                                         | 7.600            | 7.600            | -                | -              |
| Prestación Asistencia Técnica                         | 21.342           | -                | 21.342           | -              |
| Achegas á produción da Comunidade Autónoma de Galicia | 284.869          | 284.869          | -                | -              |
| Achegas á produción doutras entidades públicas        | 20.065           | 20.065           | -                | -              |
| Achegas á produción doutras entidades privadas        | -                | -                | -                | -              |
|                                                       | <b>725.561</b>   | <b>396.682</b>   | <b>117.867</b>   | <b>211.012</b> |
|                                                       | <b>8.165.691</b> | <b>3.642.053</b> | <b>4.306.436</b> | <b>217.202</b> |

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

## b) Consumo de materias primas e outras materias consumibles

|                                                                  | Euros          |                |
|------------------------------------------------------------------|----------------|----------------|
|                                                                  | 2024           | 2023           |
| <b>Consumo de materias primas e outras materias consumibles:</b> |                |                |
| Compras:                                                         |                |                |
| - Compras nacionais                                              | 221.754        | 253.707        |
| - Adquisicións intracomunitarias                                 | -              | -              |
| - Importacións                                                   | -              | -              |
| Variación de existencias                                         | (3.458)        | 57.215         |
|                                                                  | <b>218.296</b> | <b>310.922</b> |

## c) Gastos de persoal

|                               | Euros             |                   |
|-------------------------------|-------------------|-------------------|
|                               | 2024              | 2023              |
| Soldos, salarios e asimilados | 38.569.068        | 38.277.055        |
| Cargas sociais                | 13.845.424        | 13.755.386        |
| Provisións                    | 2.318.541         | 718.873           |
|                               | <b>54.733.033</b> | <b>52.751.314</b> |

No 2024, e respecto ao 2023, produciuse un incremento nas retribucións do persoal do sector público segundo o Real-Decreto Lei 4/2024, de 26 de xuño, de rango estatal que supuxo un 2%. Adicionalmente, e segundo o establecido na dita norma, pode producirse un incremento do 0,5 % vencellado á evolución do Índice de Prezos ao Consumo Harmonizado.

A suma de todos os supostos previstos na norma supón un incremento retributivo total do 2,5%

O criterio de cálculo aplicado para o cómputo do número de empregados, que se indican nos cadros seguintes, efectuouse tendo en conta as xornadas a tempo parcial dos traballadores que non prestan servizos a tempo completo.

O número de empregados ao longo do exercicio 2024 e 2023, así como a situación o 31 de decembro de 2024 e 2023, e a súa distribución, clasificado polas categorías establecidas en convenio, e por sexos, é a seguinte:

| Categoría           | Empregados medios 2024 | 31.12.2024 |            |            |
|---------------------|------------------------|------------|------------|------------|
|                     |                        | Empregados | Homes      | Mulleres   |
| Alta dirección      | 1                      | 1          | 1          | -          |
| Estrutura directiva | 37                     | 37         | 18         | 19         |
| Nivel 1             | 248                    | 245        | 88         | 157        |
| Nivel 2             | 59                     | 60         | 28         | 32         |
| Nivel 3             | 35                     | 35         | 28         | 7          |
| Nivel 4             | 154                    | 152        | 136        | 16         |
| Nivel 5             | 79                     | 76         | 48         | 28         |
| Nivel 6             | 35                     | 32         | 13         | 19         |
| Nivel 7             | 180                    | 180        | 106        | 74         |
| Nivel 8             | 20                     | 20         | 17         | 3          |
| Nivel 9             | 17                     | 18         | 18         | -          |
| <b>Total</b>        | <b>865</b>             | <b>856</b> | <b>501</b> | <b>355</b> |

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024



| Categoría           | Empregados medios 2023 | 31.12.2023 |            |            |
|---------------------|------------------------|------------|------------|------------|
|                     |                        | Empregados | Homes      | Mulleres   |
| Alta dirección      | 1                      | 1          | 1          | -          |
| Estrutura directiva | 36                     | 37         | 17         | 20         |
| Nivel 1             | 256                    | 252        | 88         | 164        |
| Nivel 2             | 59                     | 59         | 29         | 30         |
| Nivel 3             | 35                     | 35         | 27         | 8          |
| Nivel 4             | 157                    | 158        | 136        | 22         |
| Nivel 5             | 73                     | 77         | 50         | 27         |
| Nivel 6             | 37                     | 39         | 16         | 23         |
| Nivel 7             | 187                    | 186        | 109        | 77         |
| Nivel 8             | 23                     | 22         | 20         | 2          |
| Nivel 9             | 19                     | 18         | 18         | -          |
| <b>Total</b>        | <b>883</b>             | <b>884</b> | <b>511</b> | <b>373</b> |

O persoal que ocupa postos de “Estrutura directiva” ten unha vinculación laboral establecida ao amparo do Real Decreto 1382/1985, de 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial do persoal de alta dirección.

O número medio de empregados con discapacidade igual ou superior ao 33% ao longo do exercicio 2024 e 2023, é o seguinte:

|              | Empregados medios 2024 | Empregados medios 2023 |
|--------------|------------------------|------------------------|
| <b>Total</b> | <b>27</b>              | <b>29</b>              |

O Convenio Colectivo da Corporación RTVG contempla, no seu artigo 80, a existencia dun Plan de pensións para os traballadores cunha antigüidade mínima de 1 ano cunha achega mensual de 30,05 euros por traballador, non actualizable.

A partires do 31 de decembro de 2011 en virtude do Real Decreto Lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, publicado no *BOE* o 31 de decembro de 2011, a Sociedade non realiza achegas adicionais ao plan de pensións.

Con data 2 de setembro de 2015 publícase no *Diario Oficial de Galicia* a resolución de 17 de agosto de 2015 do novo Convenio Colectivo da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. con vixencia dende a súa publicación ata o 31 de decembro de 2016, e con posibilidade de prórroga automática por sucesivos períodos dunha anualidade no caso de non ser denunciado de modo expreso por ningunha das partes.

## d) Deterioración e resultado por alleamentos de inmovilizado

|                                               | Euros         |              |
|-----------------------------------------------|---------------|--------------|
|                                               | 2024          | 2023         |
| Resultado por baixas de inmovilizado material | 15.875        | (751)        |
|                                               | <b>15.875</b> | <b>(751)</b> |

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

### 23. Resultado financeiro

|                                                           | Euros           |                 |
|-----------------------------------------------------------|-----------------|-----------------|
|                                                           | 2024            | 2023            |
| <b>Ingresos financeiros:</b>                              |                 |                 |
| - De terceiros                                            | 983.690         | 791.377         |
|                                                           | <b>983.690</b>  | <b>791.377</b>  |
| <b>Gastos financeiros:</b>                                |                 |                 |
| - Por débedas con empresas do Grupo e asociadas (Nota 19) | -               | -               |
| - Por débedas con terceiros                               | (71)            | (911)           |
| - Por actualización de provisións                         | (82.413)        | (56.227)        |
|                                                           | <b>(82.484)</b> | <b>(57.138)</b> |
| <b>Diferenzas de cambio</b>                               | <b>(3.211)</b>  | <b>(3.114)</b>  |
| <b>Resultado financeiro</b>                               | <b>897.995</b>  | <b>731.125</b>  |

### 24. Retribución ao Consello de Administración e á Alta Dirección

#### a) Retribución aos membros do Consello de Administración

Con data 1 de xaneiro de 2016, constitúese a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. que é administrada polo Consello de Administración, que formula as Contas Anuais.

Durante os exercicios 2024 e 2023 a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. rexistrou os seguintes importes en concepto de retribucións aos membros do Consello de Administración:

|                      | Euros          |                |
|----------------------|----------------|----------------|
|                      | 2024           | 2023           |
| Soldos e asistencias | 416.024        | 401.932        |
| Seguridade Social    | 76.174         | 72.179         |
| Primas seguros       | -              | -              |
|                      | <b>492.198</b> | <b>474.111</b> |

No 2024, e respecto ao 2023, produciuse un incremento nas retribucións do persoal do Consello de Administración segundo o Real-Decreto Lei 4/2024, de 26 de xuño, de rango estatal que supuxo un 2%. Adicionalmente, e segundo o establecido na dita norma, pode producirse un incremento do 0,5 % vencellado á evolución do Índice de Prezos ao Consumo Harmonizado.

Os importes devindicados polo Consello de Administración da Sociedade son contabilizados na epígrafe de "Outros gastos de explotación" da Conta de Perdas e Ganancias, por tratarse de persoal vinculado á Corporación RTVG por unha relación de carácter mercantil.

#### b) Retribución e préstamos á Alta Dirección

As funcións de Alta Dirección foron desempeñadas polo Director Xeral.

O Director Xeral percibiu unha retribución bruta no ano 2024 de 104.712 euros (101.323 euros en 2023).

O Director Xeral non tiña concedido ningún préstamo a 31 de decembro de 2024 nin na mesma data de 2023.

A 31 de decembro de 2024 e 2023 polo tanto, a Sociedade non tiña concedido ningún préstamo ou anticipo á Alta Dirección, nin contraeu compromiso algún en materia de pensións ou seguros de vida a favor da mesma, ademais dos indicados na nota 3.14 para tódolos empregados.

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

## Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

### c) Información sobre conflitos de interese dos administradores

No deber de evitar situacións de conflito co interese da Sociedade, durante o exercicio corrente, os membros do Consello de Administración cumpriron con tódalas obrigas previstas no artigo 228 do texto refundido da Lei de Sociedades de Capital. Así mesmo, tanto eles como as persoas vinculadas, evitaron incurrir nos supostos de conflito de interese previstos no artigo 229 de devandita lei, excepto nos casos en que se obtivera a correspondente autorización.

### 25. Outras operacións con empresas do Grupo e vinculadas

Dende o 31 de decembro de 2015, o Accionista Único é a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento do citado Decreto 177/2015, de 3 de decembro, polo que se realiza o traspaso de accións da Televisión de Galicia, S.A. (actualmente Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.) propiedade ata ese momento da Compañía de Radio-Televisión de Galicia (véxase nota 1b).

As achegas e ingresos recibidas do Accionista Único durante os exercicios 2024 e 2023 desagreganse como segue:

|                                                 | Euros       |             |
|-------------------------------------------------|-------------|-------------|
|                                                 | 2024        | 2023        |
| Achega patrimonial (nota 15)                    | 119.923.348 | 106.890.351 |
| Achega patrimonial finalista IVE (nota 19 e 21) | 12.936.613  | 11.873.143  |
| Subvencións de capital (nota 16)                | 250.000     | 250.000     |
| Ingresos por vendas                             | 202.143     | 253.985     |
| Outras achegas                                  | 50.000      | 64.681      |

O volume de operacións comerciais prestadas polas empresas vinculadas á CRTVG durante os exercicios 2024 e 2023 desagregase como segue:

| Organismo                                       | Euros            |                  |
|-------------------------------------------------|------------------|------------------|
|                                                 | 2024             | 2023             |
| Redes de telecomunicación galegas Retegal, S.A. | 3.579.616        | 3.121.485        |
|                                                 | <b>3.579.616</b> | <b>3.121.485</b> |

O volume de operacións comerciais prestadas pola CRTVG ás empresas vinculadas durante os exercicios 2024 e 2023 desagregase como segue:

| Organismo                                       | Euros         |          |
|-------------------------------------------------|---------------|----------|
|                                                 | 2024          | 2023     |
| Redes de telecomunicación galegas Retegal, S.A. | 90.166        | -        |
|                                                 | <b>90.166</b> | <b>-</b> |

Os saldos debedores de carácter comercial co Accionista Único e coas empresas vinculadas (Retegal) ó 31 de decembro de 2024 e 2023 desagreganse como segue:

| Organismo                                                 | Euros          |                |
|-----------------------------------------------------------|----------------|----------------|
|                                                           | 2024           | 2023           |
| Xunta: Consellería do Mar                                 | 100.000        | -              |
| Xunta: Consellería de Medio Ambiente e Ord. do Territorio | -              | 16.500         |
| Xunta: Consellería do Medio Rural                         | 25.000         | 17.184         |
| Xunta: Consellería de Política Social                     | 12.000         | 96.726         |
| Xunta: Secretaría Xeral Medios de Comunicación            | 9.000          | -              |
| Redes de telecomunicación galegas Retegal, S.A.           | 103.973        | -              |
|                                                           | <b>249.973</b> | <b>130.410</b> |
|                                                           | (nota 10)      | (nota 10)      |

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

Os saldos debedores de carácter non comercial co Accionista Único ó 31 de decembro de 2024 e 2023 desagreganse como segue:

| Organismo                             | Euros     |           |
|---------------------------------------|-----------|-----------|
|                                       | 2024      | 2023      |
| Xunta: Consellería de Política Social | -         | 40.000    |
|                                       | -         | 40.000    |
|                                       | (nota 10) | (nota 10) |

Os saldos acredores de carácter comercial coas empresas vinculadas ó 31 de decembro de 2024 e 2023 desagreganse como segue:

| Organismo                                       | Euros     |           |
|-------------------------------------------------|-----------|-----------|
|                                                 | 2024      | 2023      |
| Redes de telecomunicación galegas Retegal, S.A. | 909.706   | -         |
|                                                 | 909.706   | -         |
|                                                 | (nota 19) | (nota 19) |

Os saldos acredores de carácter non comercial co Accionista Único ó 31 de decembro de 2024 e 2023 desagreganse como segue:

| Organismo                                | Euros          |                |
|------------------------------------------|----------------|----------------|
|                                          | 2024           | 2023           |
| Xunta de Galicia: Consellería de Facenda | 74.359.899     | 61.423.287     |
|                                          | 74.359.899     | 61.423.287     |
|                                          | (nota 19 e 21) | (nota 19 e 21) |

Ó 31 de decembro de 2024 existen 74.359.899 euros correspondentes ao financiamento transitorio recibido da Xunta de Galicia para compensar a situación de tesourería derivada do cambio de criterio fiscal no IVE soportado e repercutido en relación coas liquidacións de dito imposto dende xaneiro 2016 ata decembro de 2024 (61.423.287 euros ó 31 de decembro de 2023). Este saldo reflicte, por unha banda, o Convenio de financiamento asinado entre o seu Accionista Único (Xunta de Galicia) e a Sociedade para os exercicios 2016 ata o 2021 (38,9 millóns de euros: 37,5 reflectidos no Pasivo non corrente e 1,4 no Pasivo corrente); e por outra, as achegas patrimoniais finalistas da Xunta de Galicia destinadas á aplicación orzamentaria de "Tributos" dende o exercicio 2022 ata o 2024 (35,4 millóns de euros reflectivos no Pasivo non corrente). En ambos casos o financiamento mantén o seu carácter de definitivo para o suposto de que a resolución desta problemática nos tribunais sexa desfavorable aos intereses da Corporación. Pola contra, se os litixios se resolveran en sentido positivo para a CRTVG, procederase ao reembolso a favor da Xunta de Galicia nos termos que determine a Consellería de Facenda (véxase notas 19 e 21).

### 26. Información sobre medio ambiente

Ó 31 de decembro de 2024 e 2023 non existen activos de importancia destinados á mellora do medio ambiente, nin se incorreu en gastos relevantes desta natureza ao longo do exercicio.

O Consello de Administración da Sociedade estima que non existen continxencias significativas relacionadas coa protección e mellora medioambiental, e non considera necesario constituír unha provisión para riscos e gastos co devandito carácter ó 31 de decembro de 2024 e 2023.

Ao longo do exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2024 e 2023, a Sociedade non recibiu achegas de natureza medioambiental.

## CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Memoria das Contas Anuais

31 de decembro de 2024

### 27. Honorarios de auditores de contas

Os honorarios relativos aos servizos de auditoría do exercicio 2024 da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. enmárcanse no proceso de licitación tramitado por procedemento aberto, cuxa adxudicación resolveuse en virtude da Resolución do Director Xeral da Corporación RTVG de data 4 de novembro de 2024.



|                       | Euros                           |                         |                                               |                          |
|-----------------------|---------------------------------|-------------------------|-----------------------------------------------|--------------------------|
|                       | 2024                            |                         | 2023                                          |                          |
|                       | K4 Ibérica<br>Auditores, S.L.P. | Entidades da<br>rede K4 | Pricewaterhouse<br>Coopers<br>Auditores, S.L. | Entidades da<br>rede PwC |
| Servizos de auditoría | 20.500                          | -                       | 27.000                                        | -                        |
| Asesoramento fiscal   | -                               | -                       | -                                             | -                        |
| Outros servizos       | -                               | -                       | -                                             | -                        |
|                       | <b>20.500</b>                   | <b>-</b>                | <b>27.000</b>                                 | <b>-</b>                 |

### 28. Feitos posteriores ao peche

Non se produciron feitos posteriores que puidesen ter un impacto significativo sobre as presentes contas anuais, distintos dos indicados na nota 21.

### 29. Orzamentos para o exercicio 2025

Mediante a Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 31 de decembro de 2024, apróbanse para o exercicio 2025 os Orzamentos de explotación e capital da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. Os importes comparativos deste exercicio cos do 2024 son os seguintes:

|                              | 2025               | 2024               |
|------------------------------|--------------------|--------------------|
| Achegas patrimoniais         | 127.180.942        | 132.859.961        |
| Subvencións de capital       | 250.000            | 250.000            |
| <b>Total achegas</b>         | <b>127.430.942</b> | <b>133.109.961</b> |
| <b>Orzamento consolidado</b> | <b>135.732.942</b> | <b>141.181.961</b> |

As achegas patrimoniais e o orzamento consolidado do 2024 inclúen unha achega complementaria de 10.000.000 euros, autorizada pola Consellería de Facenda mediante unha modificación orzamentaria asinada o 17 de xullo de 2024, para facer fronte aos gastos co obxectivo de fortalecer a oferta de servizos da plataforma de comunicación audiovisual de Galicia "Agalega".

Os orzamentos para o exercicio 2025 da CRTVG contemplan unha partida específica na epígrafe de "Tributos" para dar cobertura á problemática do IVE -véxase nota 21- de 12.000.000 euros (11.400.000 euros en 2024).



CRTVG

***Informe  
de  
Xestión***

***2024***



Informe de Xestión  
correspondente ao exercicio anual rematado  
ao 31 de decembro de 2024

### 1. Estrutura organizativa

De acordo co establecido na Lei 9/2011, de 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e a resolución da dirección xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (Corporación RTVG), de data 1 de xullo de dous mil vinte e dous, pola que se organiza a súa estrutura directiva, os órganos de goberno da entidade quedan establecidos do seguinte xeito:

- Xunta xeral de accionistas. Nomea os membros do Consello de Administración elixidos polo Parlamento de Galicia.
- Consello de Administración. Está composto por sete membros, un deles o director ou directora xeral. Correspóndelle a administración e o control da Corporación RTVG. Realiza as funcións de control a través dos seguintes órganos: o Pleno, as Comisións de participación, asesoramento ou de control interno e a Comisión de Economía e Control.

As comisións do consello que desenvolven traballos sectoriais son as seguintes:

- Comisión de Economía e Control
  - Comisión de Igualdade
  - Comisión de Recursos Humanos
  - Comisión de Regulamento e Réxime Interior
  - Comisión de Responsabilidade Social Corporativa
  - Comisión de Programación
- Estrutura directiva. Está composta por tres órganos de dirección:
    - Comité de Dirección
    - Comisión de Coordinación
    - Comisión de Proxectos, Tecnoloxía e Sistemas

### 2. Resultado orzamentario do exercicio rematado o 31.12.2024

O resultado orzamentario do exercicio presenta unha posición positiva que acada un valor de 1.333.259 euros.

Conciliación entre o resultado contable e o resultado orzamentario:

|                                                                 |                      |
|-----------------------------------------------------------------|----------------------|
| <b>A.5) Resultado do Exercicio</b>                              | <b>(113.494.065)</b> |
| 20. Resultado do exercicio por operacións de capital            | (5.096.024)          |
| 21. Achea Patrimonial C.A. de Galicia (*)                       | 119.923.348          |
| <b>A.6) Resultado Orzamentario do Exercicio (A.5 + 20 + 21)</b> | <b>1.333.259</b>     |

(\*) Na liquidación orzamentaria consta identificado o valor da "Achea Patrimonial Finalista IVE".

A conciliación entre o resultado contable e o resultado orzamentario amplía e complementa a información que se reflicte na Conta de Perdas e Ganancias das Contas Anuais da Corporación RTVG para 2024.

### 3. Indicadores económicos

#### 3.1. Indicadores de carácter orzamentario

##### ➤ Liquidación orzamentaria

Para financiar os custos do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a Corporación RTVG xestionou un orzamento definitivo no 2024, por importe de 141,2 millóns de euros (128,2 millóns de euros excluindo a achega finalista destinada a Tributos para financiar o sobrecusto do IVE por importe de 13,0 millóns de euros).

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

## Informe de Xestión

Exercicio 2024

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG correspondente ao exercicio 2024 acada un resultado orzamentario en posición de superávit por importe de 1.333.259 euros.

|                                            |                        |                           |                          | Euros                    |
|--------------------------------------------|------------------------|---------------------------|--------------------------|--------------------------|
| DOTACIÓNS E RECURSOS CONSOLIDADOS 2024     | ORZAMENTO INICIAL 2024 | ORZAMENTO DEFINITIVO 2024 | ORZAMENTO EXECUTADO 2024 | RESULTADO ORZAMENT. 2024 |
| <b>DOTACIÓNS</b>                           |                        |                           |                          |                          |
| Compras                                    | 39.105.115             | 48.344.388                | 48.302.752               | 41.636                   |
| Servizos Exteriores                        | 16.657.400             | 16.663.325                | 17.604.305               | (940.980)                |
| Tributos                                   | 11.557.000             | 13.122.537                | 13.089.616               | 32.921                   |
| Gastos de Persoal                          | 57.407.446             | 54.754.711                | 54.733.032               | 21.679                   |
| Outros Gastos de Xestión                   | 20.000                 | 5.000                     | 4.161                    | 839                      |
| Gastos Financeiros                         | 33.000                 | 88.000                    | 85.963                   | 2.037                    |
| Perdas Proc. do Activo e G. Excep.         | 0                      | 2.000                     | 1.800                    | 200                      |
| Inmobilizacións Intanxibles                | 3.112.000              | 4.422.000                 | 4.413.742                | 8.258                    |
| Inmobilizacións Materiais e en Curso       | 3.290.000              | 3.780.000                 | 3.772.482                | 7.518                    |
| <b>TOTAL DOTACIÓNS</b>                     | <b>131.181.961</b>     | <b>141.181.961</b>        | <b>142.007.853</b>       | <b>(825.892)</b>         |
| <b>RECURSOS</b>                            |                        |                           |                          |                          |
| Ingresos Publicitarios Netos               | 7.349.000              | 7.349.000                 | 7.484.886                | 135.886                  |
| Outras Vendas                              | 693.000                | 693.000                   | 680.849                  | (12.151)                 |
| Outros Ingresos Xestión                    | 30.000                 | 30.000                    | 500.933                  | 470.933                  |
| Ingresos Financeiros                       | 0                      | 0                         | 983.958                  | 983.958                  |
| Benef. Prod. do Activo non Cte e I. Excep. | 0                      | 0                         | 69.994                   | 69.994                   |
| Achega Patrimonial                         | 111.459.961            | 119.894.424               | 119.923.348              | 28.924                   |
| Achega Patrimonial Finalista IVE           | 11.400.000             | 12.965.537                | 12.936.613               | (28.924)                 |
| Subvencións de Capital                     | 250.000                | 250.000                   | 250.000                  | 0                        |
| Remanentes de Capital                      | 0                      | 0                         | 510.531                  | 510.531                  |
| <b>TOTAL RECURSOS</b>                      | <b>131.181.961</b>     | <b>141.181.961</b>        | <b>143.341.112</b>       | <b>2.159.151</b>         |
| <b>RESULTADO ORZAMENTARIO 2024</b>         | <b>0</b>               | <b>0</b>                  | <b>1.333.259</b>         | <b>1.333.259</b>         |

A conciliación cos valores de balance do exercicio 2024 a través do estado demostrativo das variacións de remanente de tesourería é a seguinte:

|                                                                      |                      |                     | Euros               |
|----------------------------------------------------------------------|----------------------|---------------------|---------------------|
| CONCEPTOS                                                            | 2024                 | 2023                | VARIACIÓN           |
| <b>DEREITOS PENDENTES DE COBRO</b>                                   | <b>78.493.398</b>    | <b>67.281.693</b>   | <b>11.211.705</b>   |
| Crédito Facenda Pública I/p                                          | 72.884.266           | 61.423.287          | 11.460.979          |
| Fianzas e depósitos constituídos I/p                                 | 67.280               | 51.420              | 15.860              |
| Debedores por operacións tráfico                                     | 5.219.757            | 5.538.911           | (319.154)           |
| Investimentos financeiros c/p                                        | 21.687               | 49.504              | (27.817)            |
| Axustes periodificación                                              | 260.217              | 209.317             | 50.900              |
| Anticipos sobre compras                                              | 40.191               | 9.254               | 30.937              |
| <b>OBRIGAS PENDENTES DE PAGAMENTO</b>                                | <b>(107.297.028)</b> | <b>(75.692.012)</b> | <b>(31.605.016)</b> |
| Provisións responsabilidades                                         | (3.182.552)          | (1.162.853)         | (2.019.699)         |
| Débedas a I/p                                                        | (72.884.266)         | (61.423.287)        | (11.460.979)        |
| Débedas a c/p                                                        | (1.475.633)          | 0                   | (1.475.633)         |
| Acredores por operacións tráfico                                     | (29.664.399)         | (13.001.059)        | (16.663.340)        |
| Outras débedas a c/p                                                 | (90.178)             | (104.813)           | 14.635              |
| <b>TESOURARÍA</b>                                                    | <b>53.484.387</b>    | <b>28.451.980</b>   | <b>25.032.407</b>   |
| <b>(=) REMANENTE TESOURARÍA</b>                                      | <b>24.680.757</b>    | <b>20.041.661</b>   | <b>4.639.096</b>    |
| Variación neta incluídos remanentes por incorporacións orzamentarias |                      |                     | (3.305.837)         |
| <b>(=) RESULTADO ORZAMENTARIO 2024</b>                               |                      |                     | <b>1.333.259</b>    |

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

## Informe de Xestión

Exercicio 2024

A liquidación orzamentaria da Corporación RTVG no exercicio 2024 pon de manifesto unha xestión comprometida co seu carácter empresarial.

Así os trazos principais que caracterizaron ao servizo audiovisual público desenvolvidos pola CRTVG son que presta un servizo por mandato do Parlamento; **presenta** unha situación financeira e patrimonial estable e saneada; **ordenou** e estabilizou a súa contorna laboral e **axústase** con moi notable precisión ás determinacións normativas sobre o tamaño do seu cadro; **consolidou** o seu modelo corporativo a partir dunha reorganización estrutural e **desenvolve** a súa actividade desde unha plena integración produtiva de medios, **superando** a dualidade inicial entre radio e televisión e **incorporando** a presenza no ámbito dixital.

Por conseguinte, **xerou** unha ampla e variada oferta temática que ofrece no seu portal na Rede, no que ten un significado chave a plataforma de noticias G24.gal; **dixitalizou** os seus procedementos e procesos, nomeadamente os ligados á actividade produtiva, o que supón que arestora deba considerarse como unha factoría de contidos para unha difusión multimedia, multi-canle e multi-plataforma; **acentuou** a súa vocación empresarial; **mellorou** a súa rendibilidade produtiva económica e social, e **mudou** os termos cualitativos da súa concorrencia de mercado e do seu modelo de negocio, no sentido de que culmina na Plataforma Dixital de Comunicación Audiovisual de Galicia.

Mentres, segue a constituír un axente de primeira orde vertebrando a identidade colectiva, en sentido cívico e cultural, idiomático singulamente, de Galicia; mantén unha audiencia e un alcance significativos en medios convencionais; ten unha considerable notoriedade social; constitúe un motor do sector audiovisual galego e un factor clave da dixitalización da sociedade e a economía do país, cun papel destacado nas dinámicas de I+D+i que atinxen a ese sector e ao das TIC, ao tempo que perfilou e profundou o seu exercicio formal de transparencia e responsabilidade social.

En definitiva, a provisión do servizo público media centrouse, a nivel de xestión, na transformación dixital e a competitividade a cubrir nunha secuencia sucesiva de transformación cultural, transformación orgánica, transformación profesional e transformación tecnolóxica.

### ➤ Histórico de resultados orzamentarios

O conxunto informativo que se recolle a continuación contribúe a unha mellor comprensión e facilita o análise do resultado orzamentario do exercicio 2024. Os datos para o período 1985-2024 son os seguintes:

| Millóns de euros |           |           |                     |                        |           |               |                     |
|------------------|-----------|-----------|---------------------|------------------------|-----------|---------------|---------------------|
| EXERCICIO        | ORZAMENTO | RESULTADO | RESULTADO ACUMULADO | EXERCICIO              | ORZAMENTO | RESULTADO     | RESULTADO ACUMULADO |
| 1985             |           | (0,7)     | (0,7)               | 2007                   | 133,8     | 3,7           | (47,3)              |
| 1986             | 20,5      | (1,8)     | (2,5)               | 2008                   | 142,1     | (3,7)         | (51,0)              |
| 1987             | 27,4      | (1,4)     | (3,9)               | <b>SUMA 1985-2008</b>  |           | <b>(51,0)</b> | <b>(51,0)</b>       |
| 1988             | 35,3      | (7,5)     | (11,4)              | 2009                   | 146,9     | 2,0           | (49,0)              |
| 1989             | 41,0      | (14,0)    | (25,4)              | 2010                   | 145,4     | 21,6          | (27,4)              |
| 1990             | 66,6      | (3,8)     | (29,2)              | 2011                   | 121,5     | 0,4           | (27,0)              |
| 1991             | 72,2      | (11,0)    | (40,2)              | 2012                   | 114,4     | 0,3           | (26,7)              |
| 1992             | 64,1      | (9,4)     | (49,6)              | 2013                   | 104,0     | 0,3           | (26,4)              |
| 1993             | 62,0      | (2,3)     | (51,9)              | 2014                   | 107,8     | 0,3           | (26,1)              |
| 1994             | 68,1      | (2,7)     | (54,6)              | 2015                   | 103,6     | 0,8           | (25,3)              |
| 1995             | 71,6      | 0,7       | (53,9)              | 2016                   | 104,1     | 3,7           | (21,6)              |
| 1996             | 76,0      | 2,4       | (51,5)              | 2017                   | 107,2     | 1,6           | (20,0)              |
| 1997             | 81,0      | (0,1)     | (51,6)              | 2018                   | 106,9     | 2,2           | (17,8)              |
| 1998             | 87,3      | (2,5)     | (54,1)              | 2019                   | 109,2     | 1,7           | (16,1)              |
| 1999             | 100,9     | 5,5       | (48,6)              | 2020                   | 111,2     | 1,8           | (14,3)              |
| 2000             | 101,0     | 10,6      | (38,0)              | 2021                   | 110,4     | 2,8           | (11,5)              |
| 2001             | 99,9      | 1,7       | (36,3)              | 2022                   | 111,2     | 3,1           | (8,4)               |
| 2002             | 105,5     | (21,9)    | (58,2)              | 2023                   | 115,8     | 2,1           | (6,3)               |
| 2003             | 108,1     | (9,6)     | (67,8)              | 2024                   | 128,2     | 1,3           | (5,0)               |
| 2004             | 118,0     | (7,6)     | (75,4)              | <b>SUMA 2009-2024</b>  |           | <b>46,0</b>   | <b>(5,0)</b>        |
| 2005             | 125,1     | 19,9      | (55,5)              | <b>TOTAL 1985-2024</b> |           | <b>(5,0)</b>  | <b>(5,0)</b>        |
| 2006             | 134,7     | 4,5       | (51,0)              |                        |           |               |                     |

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.

Fonte: Contas anuais auditadas.

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

## Informe de Xestión

Exercicio 2024

Ao respecto da liquidación orzamentaria da Corporación RTVG do exercicio 2024 a mesma presenta unha posición cun resultado orzamentario positivo de 1.333.259 euros. As posicións no período 2009-2024 (a.i) acadaron unha sistemática posición do resultado orzamentario con superávit. Isto permitiu sanear a acumulación histórica de déficits de tesourería negativos non presupostados, os cales evolucionan desde <-51,0> millóns de euros en 2008 ata <-5,0> en 2024. No período 2009-2024 (a.i) executouse unha xestión centrada na redución do déficit histórico. En total no período obxecto de observación sanéanse 46,0 millóns de euros, o cal representa unha porcentaxe do 90%.

### ➤ Evolución do orzamento

A evolución do orzamento consolidado da CRTVG no período 2008 a 2024 é a seguinte:

| EXERCICIO | EUROS       | VARIACIÓN<br>S/ANTERIOR | %<br>VARIACIÓN<br>INTERANUAL | Euros               |                          |
|-----------|-------------|-------------------------|------------------------------|---------------------|--------------------------|
|           |             |                         |                              | VARIACIÓN<br>S/2009 | %<br>VARIACIÓN<br>S/2009 |
| 2008      | 142.145.146 |                         |                              |                     |                          |
| 2009      | 146.908.995 | 4.763.849               | 3,4%                         |                     |                          |
| 2010      | 145.428.046 | -1.480.949              | -1,0%                        | -1.480.949          | -1,0%                    |
| 2011      | 121.490.783 | -23.937.263             | -16,5%                       | -25.418.212         | -17,3%                   |
| 2012      | 114.416.077 | -7.074.706              | -5,8%                        | -32.492.918         | -22,1%                   |
| 2013      | 103.964.275 | -10.451.802             | -9,1%                        | -42.944.720         | -29,2%                   |
| 2014      | 107.770.030 | 3.805.755               | 3,7%                         | -39.138.965         | -26,6%                   |
| 2015      | 103.575.943 | -4.194.087              | -3,9%                        | -43.333.052         | -29,5%                   |
| 2016      | 104.137.617 | 561.674                 | 0,5%                         | -42.771.378         | -29,1%                   |
| 2017      | 107.187.830 | 3.050.213               | 2,9%                         | -39.721.165         | -27,0%                   |
| 2018      | 106.882.830 | -305.000                | -0,3%                        | -40.026.165         | -27,2%                   |
| 2019      | 109.165.000 | 2.282.170               | 2,1%                         | -37.743.995         | -25,7%                   |
| 2020      | 111.213.000 | 2.048.000               | 1,9%                         | -35.695.995         | -24,3%                   |
| 2021      | 110.351.000 | -862.000                | -0,8%                        | -36.557.995         | -24,9%                   |
| 2022      | 111.210.387 | 859.387                 | 0,8%                         | -35.698.608         | -24,3%                   |
| 2023      | 115.760.016 | 4.549.629               | 4,1%                         | -31.148.979         | -21,2%                   |
| 2024      | 128.216.424 | 12.456.408              | 10,8%                        | -18.692.571         | -12,7%                   |

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.

Fonte: Contas anuais auditadas.

### ➤ Evolución dos indicadores do PAIF

A evolución dos indicadores do Programa de Actuacións, Investimentos e Financiamento (PAIF) do orzamento do exercicio 2024 é a seguinte:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN INDICADOR                            | UNIDADE | OBXECTIVO | REALIZADO | GRAO<br>CONSECUCCIÓN |
|--------|---------------------------------------------------|---------|-----------|-----------|----------------------|
| P01006 | Emisión de programas producidos en Galicia na RG  | Horas   | 7.525     | 7.596     | 100,9%               |
| P01007 | Emisión de programas producidos en Galicia na TVG | Horas   | 6.650     | 6.844     | 102,9%               |
| P01126 | Contidos publicados nas canles dixitais da CRTVG  | Número  | 100.000   | 128.534   | 128,5%               |

Fonte: CRTVG e plataformas dixitais.

Os valores acadados no caso dos 3 indicadores son superiores aos obxectivos establecidos no PAIF do orzamento do ano 2024.

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

## Informe de Xestión

Exercicio 2024

### 3.2. Indicadores de carácter financeiro e non financeiro

#### ➤ Evolución dos gastos consolidados

Ao respecto da distribución dos gastos sobre os que se articula a provisión do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, elaborado en base ás liquidacións orzamentarias de cada exercicio que se recollen a continuación, para o ano 2010 e para o período 2019-2024, permite presentar o entorno de xestión en clave dinámica:

Milleiros de euros

| GASTOS                          | 2010      |        | 2019      |        | 2020      |        | 2021      |        | 2022      |        | 2023      |        | 2024      |        |
|---------------------------------|-----------|--------|-----------|--------|-----------|--------|-----------|--------|-----------|--------|-----------|--------|-----------|--------|
|                                 | Importe   | %      | Importe   | %      | Importe   | %      | Importe   | %      | Importe   | %      | Importe   | %      | Importe   | %      |
| COMPRAS E SERVIZOS EXTERIORES   | 79.662,8  | 53,3%  | 50.476,6  | 46,9%  | 54.575,6  | 49,4%  | 52.954,1  | 48,2%  | 51.857,3  | 47,3%  | 56.151,9  | 48,6%  | 65.907,1  | 51,1%  |
| GASTOS DE PERSOAL               | 58.359,4  | 39,0%  | 50.993,6  | 47,4%  | 50.440,0  | 45,7%  | 49.797,1  | 45,4%  | 51.207,0  | 46,7%  | 52.751,3  | 45,6%  | 54.733,0  | 42,4%  |
| SUMA COMPRAS, S.EXT., G.PERSOAL | 138.022,2 | 92,4%  | 101.470,2 | 94,2%  | 105.015,6 | 95,1%  | 102.751,2 | 93,6%  | 103.064,3 | 94,1%  | 108.903,2 | 94,2%  | 120.640,1 | 93,5%  |
| TOTAL CONSOLIDADO DOTACIÓNS     | 149.449,1 | 100,0% | 107.662,9 | 100,0% | 110.401,1 | 100,0% | 109.779,7 | 100,0% | 109.549,5 | 100,0% | 115.583,5 | 100,0% | 129.071,2 | 100,0% |

Nota: Dende 2022, a efectos comparativos e homoxéneos, exclúese a achega finalista para financiar o sobrecusto do IVE.

Fonte: Contas anuais auditadas.

Unha análise inmediata dos valores expresados permite concluír o seguinte:

- As aplicacións de compras/servizos exteriores e gastos de persoal veñen a representar un peso compositivo medio do período 2019-2024, sobre o total das dotacións da Corporación RTVG, de aprox. o 95%.
- Os valores 2024 referidos a compras e servizos exteriores, reflicten importes que evidencian unha maior eficiencia na xestión da actividade e mesmo unha maior coherencia dos custos de explotación. Estes evolucionan de 79,7 no ano 2010 a 65,9 millóns de euros en 2024 que en valores relativos representa unha porcentaxe de baixada do <-17,3%>.

#### ➤ Custo por punto share das televisións autonómicas

O custo por punto de share das televisións públicas autonómicas do exercicio 2024 é a seguinte:

| COMUNIDADE AUTÓNOMA  | ORZAMENTO          | PUNTOS DE SHARE (*) | CUSTO POR PUNTO SHARE |
|----------------------|--------------------|---------------------|-----------------------|
| GALICIA              | 128.216.424        | 9,5                 | 13.496.466            |
| MADRID               | 86.307.370         | 5,5                 | 15.692.249            |
| ANDALUCÍA            | 167.944.278        | 8,9                 | 18.870.144            |
| PAIS VASCO           | 211.619.409        | 10,6                | 19.964.095            |
| CATALUÑA             | 406.580.627        | 14,4                | 28.234.766            |
| VALENCIA             | 75.834.030         | 2,6                 | 29.166.935            |
| <b>MEDIA 6 CCAA</b>  | <b>179.417.023</b> | <b>8,6</b>          | <b>20.904.109</b>     |
| MURCIA               | 5.725.452          | 3,1                 | 1.846.920             |
| ARAGÓN               | 54.127.475         | 11,6                | 4.666.162             |
| ASTURIAS             | 27.204.064         | 5,4                 | 5.037.790             |
| BALEARES             | 46.115.553         | 5,2                 | 8.868.376             |
| CASTILLA LA MANCHA   | 58.852.212         | 6,0                 | 9.808.702             |
| CANARIAS             | 64.490.463         | 5,1                 | 12.645.189            |
| <b>MEDIA 12 CCAA</b> | <b>111.084.780</b> | <b>7,3</b>          | <b>14.024.816</b>     |

(\*) Suma das dúas principais cadeas de cada autonómica.

Fonte: FORTA e Kantar Media.

**3.3. Indicadores de liquidez e recursos de capital**➤ Fondo de manobra

O fondo de manobra ao peche do exercicio 2024 e 2023 é o seguinte:

| Euros                             |            |            |
|-----------------------------------|------------|------------|
| FONDO DE MANOBRA                  | 2024       | 2023       |
| Activo Corrente – Pasivo Corrente | 27.890.690 | 21.082.547 |
| ACTIVO CORRENTE                   | 59.120.900 | 34.334.575 |
| PASIVO CORRENTE                   | 31.230.210 | 13.252.028 |

Fonte: Contas anuais auditadas.

O valor deste indicador tanto no 2024 como no 2023 é axeitado, incrementase no 2024 consecuencia do incremento dos activos líquidos.

➤ Ratio de tesourería

O ratio de tesourería ao peche do exercicio 2024 e 2023 é o seguinte:

| Euros                        |            |            |
|------------------------------|------------|------------|
| RATIO DE TESOURERÍA          | 2024       | 2023       |
| Tesourería / Pasivo Corrente | 1,88       | 2,57       |
| TESOURERÍA                   | 58.764.896 | 34.045.273 |
| PASIVO CORRENTE              | 31.230.210 | 13.252.028 |

Fonte: Contas anuais auditadas.

O ratio de tesourería tanto no 2024 como no 2023 é indicativo dunha axeitada capacidade da empresa para cumprir de forma inmediata coas súas obrigas de pagamento a curto prazo. No 2024 diminúe o ratio polo incremento da tesourería nunha contía similar á do Pasivo Corrente, por unha devolución de IVE cobrada no mes de decembro por importe de 17.539.418 euros.

➤ Ratio de solvencia

O ratio de solvencia ao peche do exercicio 2024 e 2023 é o seguinte:

| Euros                       |             |             |
|-----------------------------|-------------|-------------|
| RATIO DE SOLVENCIA          | 2024        | 2023        |
| Activo Total / Pasivo Total | 1,52        | 1,65        |
| ACTIVO TOTAL                | 162.932.596 | 125.168.085 |
| PASIVO TOTAL                | 107.297.028 | 75.838.168  |

Fonte: Contas anuais auditadas.

O ratio de solvencia tanto no 2024 como no 2023 presenta unha estrutura financeira axeitada, que permite atender puntualmente ao seu vencemento as obrigas de pagamento tanto a curto coma a longo prazo.

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Informe de Xestión

Exercicio 2024

## ➤ Evolución do patrimonio neto

A evolución do patrimonio neto no período 2008 a 2024 é a seguinte:

| PATRIMONIO NETO | EUROS      | VARIACIÓN  | % VARIACIÓN S/ANTERIOR | Euros            |                     |
|-----------------|------------|------------|------------------------|------------------|---------------------|
|                 |            |            |                        | VARIACIÓN S/2008 | % VARIACIÓN S/ 2008 |
| 2008            | 30.245.917 |            |                        |                  |                     |
| 2009            | 42.148.142 | 11.902.225 | 39,4%                  | 11.902.225       | 39,4%               |
| 2010            | 46.011.043 | 3.862.901  | 9,2%                   | 15.765.126       | 52,1%               |
| 2011            | 46.356.785 | 345.742    | 0,8%                   | 16.110.868       | 53,3%               |
| 2012            | 44.109.412 | -2.247.373 | -4,8%                  | 13.863.495       | 45,8%               |
| 2013            | 40.182.154 | -3.927.258 | -8,9%                  | 9.936.237        | 32,9%               |
| 2014            | 36.891.526 | -3.290.628 | -8,2%                  | 6.645.609        | 22,0%               |
| 2015            | 37.245.067 | 353.541    | 1,0%                   | 6.999.150        | 23,1%               |
| 2016            | 35.337.424 | -1.907.643 | -5,1%                  | 5.091.507        | 16,8%               |
| 2017            | 37.825.304 | 2.487.880  | 7,0%                   | 7.579.387        | 25,1%               |
| 2018            | 42.612.639 | 4.787.335  | 12,7%                  | 12.366.722       | 40,9%               |
| 2019            | 43.415.068 | 802.429    | 1,9%                   | 13.169.151       | 43,5%               |
| 2020            | 46.135.514 | 2.720.446  | 6,3%                   | 15.889.597       | 52,5%               |
| 2021            | 47.330.309 | 1.194.795  | 2,6%                   | 17.084.392       | 56,5%               |
| 2022            | 48.492.872 | 1.162.563  | 2,5%                   | 18.246.955       | 60,3%               |
| 2023            | 49.329.917 | 837.045    | 1,7%                   | 19.084.000       | 63,1%               |
| 2024            | 55.635.568 | 6.305.651  | 12,8%                  | 25.389.651       | 83,9%               |

Fonte: Contas anuais auditadas.

O patrimonio neto ao remate do exercicio 2024, fixou un valor de 55,6 millóns de euros. Isto representa unha mellora respecto a 2023 dun 12,8 % e consolida a evolución positiva dos sete últimos anos.

## 3.4. Indicadores de endebedamento

### ➤ Evolución do endebedamento

O comportamento dos valores de endebedamento neto nos exercicios 2024 e 2023 foi a seguinte:

|                                                 | Euros              |                   |
|-------------------------------------------------|--------------------|-------------------|
|                                                 | 2024               | 2023              |
| <b>DÉBEDA NETA</b>                              | <b>24.776.717</b>  | <b>19.948.215</b> |
| <b>(+) DEREITOS DE COBRO E TESOURERÍA</b>       | <b>132.073.745</b> | <b>95.786.383</b> |
| Créditos e fianzas (l.p.)                       | 164.366            | 148.506           |
| Débeda AEAT (l.p.)                              | 72.884.266         | 61.423.287        |
| Débeda AEAT e S.S. (c.p.)                       | 1.758.323          | 1.689.069         |
| Débedas operacións tráfico (c.p.)               | 3.782.403          | 4.073.541         |
| Tesourería                                      | 53.484.387         | 28.451.980        |
| <b>(-) OBRIGAS DE PAGAMENTO</b>                 | <b>107.297.028</b> | <b>75.838.168</b> |
| Financiamento Instituc. Transitorio C.A. (l.p.) | 72.884.266         | 61.423.287        |
| Provisións responsabilidades (l.p.)             | 3.182.552          | 1.162.853         |
| Débedas operacións tráfico (c.p.)               | 31.230.210         | 13.252.028        |

Fonte: Contas anuais auditadas.

A débeda neta da Corporación RTVG, S.A. a 31.12.2024 é de (+) 24,8 millóns de euros. En termos xerais, esta cifra consolida unha tendencia de mellora da débeda neta total no período 2009-2024. As cifras correspondentes á débeda bancaria, poñen de manifesto que a mesma evolucionou positivamente dende un valor de 32,4 millóns (ano 2009), seguindo unha tendencia descendente nos exercicios sucesivos, de xeito que a 31.12.2013 desaparece a débeda bancaria. Esta situación permanece invariable a 31.12.2024.

#### **4. Resultado da provisión de servizo público de comunicación audiovisual**

##### **4.1. Resultados en clave de audiencia**

A Corporación RTVG dispón de diferentes canles polas que emite programación exclusivamente no idioma galego. Esas canles son: 2 canles de Televisión Dixital Terrestre, TVG e G2; 2 canles de televisión vía satélite para o exterior, América e Europa; xunto a 3 canles de radio, a Radio Galega xeneralista e 2 canles de música, unha delas exclusivamente dedicada á música galega. Tamén ten operativas as canles dixitais G24, crtvg.gal, Agalega, Agalegaudio, Xabarán e 29 canles en redes sociais.

##### **➤ Aproximación ao rendemento da grella de contidos**

En clave de identificar os resultados de audiencia do servizo público de comunicación audiovisual de Galicia, a continuación preséntanse os niveis obtidos (datos Kantar Media e EGM). Estes datos postos en combinación cos valores orzamentarios do exercicio correspondente permiten avanzar un xuízo custo/resultado do rendemento da grella de programación.

No ano 2024, a TVG situouse na 4ª posición das televisións máis vistas en Galicia. No ámbito das televisións autonómicas en España (FORTA), a marca TVG sitúase na 3ª posición.

A Radio Galega, no ano 2024 logrou 114.000 oíntes, situándose na 4ª posición. No ámbito das emisoras autonómicas en España (FORTA), a RG sitúase tamén na 4ª posición.

Ponse así de manifesto un compromiso, en clave de competitividade, da Corporación coa eficiencia da grella de programación e a competitividade da mesma.

##### **➤ Televisión**

A primeira canle da TVG, no conxunto do día ao longo do ano 2023, acadou unha cota de audiencia media do 8,6%. A primeira canle da TVG, no conxunto do día ao longo do ano 2024, acadou unha cota de audiencia media do 8,6%. No horario máis importante do día (prime time) a cota tamén acadou un 8,6%.

As canles públicas galegas (TVG e G2) que emiten a través de TDT obtiveron unha cota de pantalla conxunta no 2024 do 9,5%.

En posición comparativa coas canles autonómicas que integran a FORTA, a marca TVG acadou a 3ª posición no conxunto do día e a 4ª no prime time. A canle TVG preséntase como unha das máis dinámicas do grupo autonómico, e no conxunto do día acadou 0,5 puntos máis de cota de pantalla que a media de FORTA (8,1%). No prime time a TVG acadou 0,1 puntos máis ca media da FORTA (8,5%).

##### **➤ Radio**

A audiencia diaria da Radio Galega (RG) de luns a domingo do ano 2024, segundo os datos do Estudo Xeral de Medios, foi de 114.000 oíntes. Ao respecto da Radio Galega Música (RGM) a audiencia diaria no ano 2024 foi de 19.000 oíntes.

As canles públicas galegas de radio (RG e RGM) acadaron no 2024 un total de 133.000 oíntes diarios, o que supón unha cota de escoita en Galicia do 17,4%.

##### **➤ Canles dixitais**

A aposta pola CRTVG durante o ano 2024 polas canles dixitais vese reflectida no incremento dun 60% no número de impresións/reproducións dos contidos nas diferentes plataformas nas que opera a CRTVG.

O ano 2024 foi o do inicio da plataforma OTT da CRTVG denominada AGalega, que inclúe a oferta de contidos audiovisuais en "Agalega", sonoros en "AGalegaAudio" e infantís en "Xabarán".

Os contidos xerados nas distintas plataforma da CRTVG lograron 615.000.000 de impactos na cidadanía, ben a través das reproducións de vídeos (Instagram, TikTok e Youtube), ben a través de contidos non audiovisuais (Facebook e X-Twitter). Adicionalmente hai que ter en conta as 14.432 horas consumidas dentro da plataforma OTT Agalega, que inclúe os contidos audiovisuais, sonoros e infantís da Corporación. Os contidos consumidos supoñen un 60% máis que os do ano 2023.

- Agalega

A plataforma de consumo de contidos audiovisuais, sonoros e infantís, denominada Agalega iniciou as súas emisións o 17 de xaneiro de 2024. Nun só ano de vida accederon 2 millóns de usuarios, que xeraron 6 millóns de visitas e 11 millóns de contidos vistos. Ademais, logrou que se consumiran 14.432 horas de contidos integramente en galego, tanto emitidos en directo coma consumidos baixo demanda.

O 74% dos contidos consumidos na plataforma foron en directo, mentres que o 26% restante foi consumo baixo demanda tanto de contidos nativos dixitais como de programas emitidos pola TVG e pola Radio Galega. Un total de 90.700 usuarios baixaron as aplicacións móbiles da plataforma, logrando converterse na principal plataforma audiovisual que opera en Galicia e formar parte das 15 plataformas máis consumidas en España.

Esta plataforma é tamén accesible nos televisores intelixentes a través da tecnoloxía Hbbtv. Durante o ano 2024, preto de 120.000 televisores accederon diariamente a estes contidos, consumindo 6 millóns de minutos cada día.

- G24

A canle dixital informativa da CRTVG, denominada G24, remata o ano cun crecemento importante en tódolos parámetros. Durante o ano 2024 foi visitada por 2 millóns de usuarios, que xeraron 5 millóns de sesións e consumiron 11 millóns de impresións. O crecemento con respecto ao ano 2023 foi dun 33% de sesións, un 28% no número de usuarios e un 41% no número de páxinas vistas ou impresións.

- Facebook

Os contidos das diferentes canles da CRTVG na rede social Facebook foron vistos 430 millóns de veces, o que supón un 48% máis que o consumido no ano 2023. Os vídeos lograron acadar os 223 millóns de reproducións, o que supón un 99% máis que no ano 2023, e as canles máis seguidas foron G24 e a conta da TVG.

- Instagram

O crecemento do consumo en Instagram aumentou un 185% con respecto ao ano 2023, pasando dos 74 millóns de reproducións ata os 211 millóns. Ademais, esta rede xerou o maior *engagement* de todas as redes, cunha taxa dos 6 millóns de usuarios que interactuaron cos contidos emitidos.

- TikTok

A rede TikTok foi tamén unha rede cun amplo crecemento no ano 2024, superando ao ano 2023 nun 192%. Neste ano logrouse que os vídeos emitidos se reproducisen 149 millóns de veces, logrando que 6 millóns de persoas interactuaron con eles.

- X (Twitter)

O caso da rede X merece un comentario especial, xa que o cambio das políticas comerciais e de contidos da rede americana provocaron importantes flutuacións tanto no consumo como na súa medición. Salientar que no ano 2024 producíronse un total de 19 millóns de reproducións.

- Youtube

O crecemento de Youtube foi o máis importante de todas as redes sociais, cun incremento das reproducións do 1200% con respecto ao ano 2023. Lográronse preto de 13 millóns de reproducións de vídeo e 62 millóns de impresións, alimentados fundamentalmente polos directos da TVG, polas informacións de G24 e polos contidos de Xabarín.

## **5. Xestión das persoas**

A CRTVG está a desenvolver un plan de acción laboral centrado nas persoas baixo o obxectivo de contribuír á mellora en clave de competitividade e eficiencia. Este incorpora as liñas de traballo seguintes: estabilidade e calidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, recoñecemento e participación das persoas traballadoras, comunicación corporativa efectiva e formación continua. Cómpre destacar o compromiso do persoal ao servizo da Corporación co proxecto que a CRTVG encarna. Este, na súa dilatada experiencia e probada capacidade, constitúe o seu principal activo.

### **5.1. Un proxecto laboral centrado nas persoas, na transparencia, no desenvolvemento profesional e comprometido coa estabilidade no emprego**

O conxunto de actuacións e medidas executadas no ámbito laboral contribuíron a favorecer o desenvolvemento profesional, a iniciativa e un esquema que propicie contornas favorables para acadar unha maior satisfacción profesional baixo criterios de manter a estabilidade da Corporación RTVG. Un eixe prioritario foi mellorar a xestión operativa dos recursos humanos en relación coa nova organización produtiva. Implantouse así un sistema de xestión integral, que funciona baixo soporte de aplicacións informáticas, que impulsou avances en clave de desenvolvemento profesional e rendemento operacional e estratéxico.

Este esquema, presente na área da xestión das persoas, determina na organización un xeito de traballo comprometido coa eficiencia na xestión e a trazabilidade fundada nas decisións operativas.

Os avances insisten en considerar os vectores seguintes:

- Mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica e sentar unha base axeitada para xestionar de xeito profesional a área laboral.
- Proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.
- Ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión e soporte que permitiu a estabilización de todo o cadro de persoal, na medida en que o mesmo identifica con claridade o conxunto de postos de traballo da Corporación RTVG.
- Mellorar así a capacidade de gobernanza na proxección estratéxica da xestión referida aos recursos humanos, facilitándolles ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación RTVG a toma de decisións.

O traballo está centrado nas novas competencias que demande a actividade e tamén en xestionar o cambio de forma acompañada coas necesidades produtivas mellorando as capacidades de adaptación estratéxica. En definitiva estase a falar dunha aplicación produtiva da dixitalización. Trátase de facer compatible o contorno laboral existente cun conxunto de melloras e avances asociados á diversidade xeracional e aos niveis formativos e funcionais, de xeito que permitan manter unha coherencia dos custos de explotación.

O compromiso Corporativo cun emprego de calidade e axeitadamente retribuído queda formalmente recollido no acordo do Consello da Xunta de 02.12.2024, polo que se aproba a oferta de emprego público da Corporación Radio e Televisión de Galicia correspondente ao ano 2024 na que se ofertaron 10 prazas mediante o sistema de concurso-oposición e 9 prazas de promoción interna para o persoal da Corporación.

Esta oferta do exercicio 2024, é unha continuación da liña de traballo iniciada coas Ofertas Públicas de Emprego dos anos 2021, 2022 e 2023. Estes datos dan como resultado que nos últimos 4 anos a Corporación ofertou un total de 315 prazas, o cal ven a representar o 38% do cadro de persoal. Cómpre sinalar que as ditas Ofertas Públicas de Emprego integraron a perspectiva das persoas con discapacidade mediante a inclusión nas mesmas de prazas tanto de discapacidade xeral como intelectual.

En consecuencia, no ano 2024 e por cuarto ano consecutivo, a Corporación consolida o que xa é un trazo característico sen precedentes desde a creación do medio, a través dun esquema de provisión definitiva de

prazas con vínculo de fixeza. Ao igual que xa aconteceu no ano anterior, a OPE do 2024 contén 9 prazas de promoción interna, ás que hai que sumar ás 14 do ano 2023, coa finalidade de recoñecer o talento interno, dando a posibilidade aos profesionais da CRTVG de desenvolvemento profesional dentro da propia empresa.


O proxecto laboral segue os criterios executivos que establecen as directrices básicas, aprobadas polo Consello de Administración, en materia de xestión das persoas: igualdade, capacidade, mérito e publicidade na captación e xestión do talento; estabilidade e calidade no emprego; intencionalidade e autonomía na xestión dos efectivos e do cadro de persoal; racionalidade e sustentabilidade da organización produtiva, procurando unha coherencia entre os custos da actividade produtiva e os retornos económicos e sociais desta actividade; eficiencia e optimización da organización produtiva e finalmente a actualización e provisión do cadro de persoal.




## 5.2. Estado de situación da cuestión laboral

Unha visión baseada nunha análise dinámica pon de manifesto que no ano 2009 a CRTVG tiña un número medio de 996 persoas traballadoras e un cadro de persoal de 769 prazas. Isto evidencia que o cadro de persoal non representaba axeitadamente o número de efectivos e a diferenza existente entre ambas proxectaba unha característica problemática laboral asociada á contratación indefinida. A maiores, o perímetro de risco laboral (principalmente referidos aos servizos de novas externalizadas que conformaban o esquema das actuais delegacións territoriais da Corporación, os cales finalmente se fixeron propios) ascendía aprox. a 160, ata completar o seu número total en aproximadamente 1.156 efectivos.

A xestión levada a cabo no eido dos recursos humanos supuxo cuantitativamente pasar dun cadro de 769 prazas e 996 persoas traballadoras e un perímetro de risco laboral que completaba o seu número en aprox. 1.156 efectivos, cara a evolucionar, no 2024, a un cadro de persoal laboral composto por 832 prazas e 865 persoas traballadoras de media coa conseguinte estabilización e racionalización dos custos de persoal e a drástica redución da temporalidade na contratación.



Fonte: Contas Anuais auditadas.



Fonte: Contas Anuais auditadas.

A CRTVG pecha o exercicio 2024 cun número medio de persoas traballadoras de 865. Este dato pon de manifesto o compromiso corporativo con manter unha coherencia dos custes de explotación.

Cómpre salientar tamén a progresiva redución da contratación temporal implantada na xestión desde o ano 2010 (a temporalidade no 2009 superaba o 40%). A distribución do promedio das persoas traballadoras no exercicio 2024, por tipo de vinculación contractual é a seguinte: fixos e indefinidos 74,7%; relevos 4,7%; interinidade 11,6%; obra 1,5%; temporais por acumulación de tarefas 0,1%; prácticas 3,1% e directivos 4,3%.

En síntese, unha análise inmediata do número medio de persoal no período obxecto de observación 2009-2024, pon de manifesto que as medidas de mellora da xestión laboral executadas proxectaron o seu efecto en clave de estabilidade e calidade no emprego, diminución da temporalidade, sustentabilidade e mesmo a

coherencia dos custos da actividade. Os resultados propiciaron así contornos axeitados en clave de eficiencia, sen perder de vista unha perspectiva de mellora laboral baseada no diálogo e negociación cos axentes sociais.

Os datos do exercicio 2024 poñen de manifesto que o número medio de persoas traballadoras/ano foi de 865 encóntranse completamente aliñadas co cadro de persoal autorizado (872: 832 cadro de persoal laboral e 40 cadro de persoal directivo). O desglose por natureza do vínculo é o seguinte:

- **Cadro directivo:** 38.
- **Persoal de cadro:** i) fixos: 416; ii) relevistas: 41, iii) indefinidos -firmes e non firmes- en praza vacante: 220; iv) interinos en praza vacante: 42; v) obras ou servizos determinados: 13; e vi) 14 interinos que ocupan prazas reservadas.
- **Persoal de longa duración:** i) indefinidos sentenza non firme: 10; e ii) contratos en prácticas: 26.
- **Substitucións** (motivadas principalmente por Incapacidades Temporais): 44 e 1 contrato temporal por circunstancias da produción.

En clave retrospectiva cómpre sinalar que as resolucións xudiciais que declaran a existencia de relacións laborais indefinidas determinan, na práctica totalidade dos casos, que a data da primeira vinculación contractual das persoas traballadoras é anterior ao ano 2009.

Os datos expostos deben contextualizarse cun fito de primeira orde como foi o **proceso excepcional de consolidación de emprego** convocado por Resolución do 29 de decembro de 2022 e que rematou mediante Resolución do 11 de decembro do 2024, do director Xeral pola que se designaron como persoal laboral fixo a 249 persoas traballadoras da Corporación RTVG. Dado que a data de efectos dos vínculos de fixeza dos contratos de traballo comezan o 01.01.2025, os datos non teñen reflexo nos resultados do exercicio 2024. Poren debe adiantarse que coa execución deste proceso selectivo xunto coas política empresarial de realizar Ofertas de Emprego Público con periodicidade anual, a práctica totalidade dos vínculos laborais serán de fixeza e como consecuencia directa disto, se reduce a temporalidade á mínima expresión.

## 6. Tributación Indirecta

A provisión do servizo público de comunicación audiovisual, recolle, na última década, o efecto asociado á xestión da problemática do IVE, a cal proxecta inestabilidade sobre a xestión financeira e orzamentaria da Corporación e en consecuencia sobre o conxunto da actividade de provisión do servizo público.

A AEAT foi adoptando diversos criterios cambiantes en función das modificacións lexislativas que se foron aprobando, promovidas coa pretensión de clarificar a tributación do IVE e establecer un entorno estable. A pesar diso a AEAT interpretou sempre a normativa en sentido contrario ao que se pretendía, en contra dos intereses dos contribuíntes e tratando de maximizar a súa recadación.

A situación financeira e a evolución da tesourería da Corporación viuse afectada polas continuas e cuantiosas inspeccións de IVE. Por este motivo a CRTVG formalizou un convenio de financiamento co Accionista Único (Xunta de Galicia) en 2019, modificado por tres addendas ata un montante total de 38,9 millóns de euros, que da cobertura ao risco e compensa o debilitamento financeiro.

Dende o exercicio 2022 a CRTVG financia a problemática de IVE mediante unha achega orzamentaria na aplicación de Tributos, que para o ano 2024 tivo unha liquidación orzamentaria de 13,1 millóns de euros.

Á data de emisión deste informe as controversias abertas coa AEAT son as seguintes:

- Problemática IVE repercutido (Xan.2017-Mai.2017).  
Nesta inspección de IVE a AEAT aplicou o criterio de “contraprestación de servizos” sobre o IVE repercutido, considerando que a achega patrimonial do socio único está suxeita ao IVE do 21%. A AEAT emitiu o 14.11.2017 un Acordo de Liquidación que se anulou como consecuencia dunha setenza do TEAC que cambiou o criterio a “actividade dual”, polo que ditou un novo Acordo de Execución o 28.07.2023. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación do escrito de conclusións o 25.05.2023 ante a Audiencia Nacional.

- Problemática IVE repercutido (Ano 2016 e Xuñ.2017-Out.2017).  
No 2020 a AEAT inicia unha inspección para tódolos períodos non prescritos. No caso destes períodos, volve de novo ao criterio de “contraprestación de servizos”, aplicando o 21% de IVE repercutido sobre as achegas da Xunta de Galicia. A AEAT emitiu o 23.02.2021 dous Acordos de Liquidación que posteriormente se anulaban como consecuencia dunha sentenza do TEAC que cambiou o criterio a “actividade dual”, emitindo un Acordo de Execución o 19.02.2025 (recorrido ante o TEAC 10.03.2025). A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación do escrito de conclusións o 18.03.2025 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE soportado (Nov.2017-Dec.2018).  
Nesta inspección de IVE a AEAT aplicou o criterio “actividade dual” sobre o IVE soportado, considerando que a CRTVG exerce 2 actividades: “comercial” (publicidade e programas con alta audiencia, con dereito a dedución do IVE) e “non comercial” (programas con baixa audiencia, sen dereito a dedución do IVE). A AEAT emitiu o 04.03.2019 o Acordo de Liquidación correspondente. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación do escrito de conclusións o 14.03.2024 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE soportado (Xan.2019-Dec.2020).  
A inspección do 2020, comentada anteriormente, tamén actúa sobre estoutro período, volve de novo ao criterio da “actividade dual”. Neste caso a pretensión foi a de restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. A AEAT emitiu o 23.06.2021 un Acordo de Liquidación que posteriormente se anulou, emitindo un Acordo de Execución o 17.12.2024. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación do escrito de conclusións o 18.03.2025 ante a Audiencia Nacional.
- Problemática IVE soportado (Xan.2021-Dec.2021).  
No 2022 a AEAT inicia unha nova inspección, ao igual que no caso anterior, polo criterio da “actividade dual”. Do mesmo xeito pretende restrinxir a deducibilidade do IVE soportado, aplicando a prorrata financeira. A AEAT emitiu o 25.05.2022 o Acordo de Liquidación correspondente. A última actuación levada a cabo pola CRTVG foi a presentación dun recurso de alzada o 29.06.2023 ante o TEAC.
- Problemática IVE soportado (Xan.2022-Dec.2024).  
A CRTVG, dende o Acordo de Liquidación da AEAT do 23.06.2021, resultante da inspección dos exercicios 2019 e 2020, nos que a Axencia Tributaria aplicou o criterio da “actividade dual”, para evitar posibles sancións, presenta as declaracións mensuais conforme ao criterio imposto, reflectindo na epígrafe VI de Debedores do Activo non corrente, do mesmo xeito que nos anos anteriores, o IVE soportado pendente de recuperar en consideración de que é ao 100% deducible.

#### **7. Circunstancias importantes acontecidas tralo peche do exercicio**

O contexto actual da economía española aparece caracterizado, entre outros factores, pola xeneralización dunha traza inflacionista que persiste no tempo.

En consecuencia, os desafíos para as empresas poñen de manifesto unha contorna de certa incertidume para o desenvolvemento da actividade económica.

Ao fío do exposto, impulsar o desenvolvemento das capacidades de dirección estratéxica, que permitan un exercicio de anticipación e xeración de coñecemento prospectivo, que complementa o cálculo e a proxección de futuro, resulta de utilidade para definir obxectivos e redeseñar actuacións, baixo a premisa de atender as esixencias do entorno orzamentario para prover un servizo público de comunicación audiovisual competitivo e de calidade.

#### **8. Información sobre a evolución previsible da entidade**

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., dispón dun orzamento para 2025 é de 135,7 millóns de euros. O financiamento ten a súa orixe na percepción das compensacións polo cumprimento da misión de servizo público (94%) e nos ingresos comerciais derivados da participación no mercado da publicidade e outros (6%).

Ao respecto da achega patrimonial, cómpre sinalar que esta ten por obxecto equilibrar os custos nos que se incorre como consecuencia da especial carga de servizo público da programación de televisión, radio e medios dixitais.

A Corporación RTVG ven realizando a provisión do servizo público de comunicación audiovisual nunha contorna cargada de retos, onde as novas tecnoloxías multiplícanse con rapidez o cal supón constantes desafíos de anticipación e adaptación aos cambios.

Ao fío do exposto, apoiar actuacións que propicien unha posición de progreso, preséntase como un elemento decisivo para manter o pulo da competitividade dunha Corporación que debe avanzar coas achegas de todos os axentes implicados cara a unha CRTVG máis innovadora, flexible, próxima, curiosa e social.

#### **9. Actividades I+D+i**

No exercicio 2024 a Corporación RTVG, S.A. non realizou actividades en materia de investigación e desenvolvemento.

#### **10. Outra información relevante**

##### **10.1. Instrumentos financeiros**

A Corporación RTVG, S.A. non emprega derivados financeiros.

O resto de instrumentos financeiros atópanse detallados na memoria da Corporación RTVG, S.A.

##### **10.2. Período medio de pagamentos a provedores**

No exercicio 2024 o período medio de pagamentos a provedores da Corporación RTVG, S.A. foi de 6 días.

#### **11. Estado de Información non Financeira (EINF)**

A Lei 11/2018, de 28 de decembro, pola que se modifica o Código de Comercio, o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo e a Lei 22/2015, de 20 de xullo, de Auditoría de Contas, en materia de información non financeira e diversidade, é de aplicación á Corporación RTVG, S.A. En consecuencia, a CRTVG reporta o estado de información non financeira nun informe separado correspondente ao exercicio 2024. Esta información forma parte do informe de xestión.

# CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

## Formulación de Contas Anuais

### e Informe de Xestión

### Dilixencia de sinaturas

Exercicio 2024

En cumprimento da lei vixente redáctanse e formúlanse as contas anuais da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., referidas ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024, así como o informe de xestión correspondente ao mesmo período. En ámbolos dous documentos que preceden este escrito consta a sinatura da Secretaria do Consello de Administración, e preséntanse en follas ordenadas e paxinadas de forma independente por números correlativos.

Os membros do Consello de Administración coa sinatura da presente Dilixencia declaran formulados os referidos documentos en Santiago de Compostela, o 27 de marzo de 2025.

#### ASINANTES

D. Álvaro Alonso Filgueira  
Presidente

D. Alfonso Cabaleiro Durán  
Conselleiro

Dna. Margarita López Blanco  
Conselleira

Dna. Ana Isabel Peón Piñeiro  
Conselleira

Dna. María Carmen Vidal Lage  
Conselleira

Dna. Irene Viña Bravo  
Conselleira

D. Alfonso Sánchez Izquierdo  
Director Xeral e Conselleiro



CRTVG

***Informe  
de  
Auditoría***

***2024***



## **INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDIENTE**

Ao accionista único de Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.:

### **Opinión**

Auditamos as contas anuais de Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (a Sociedade), que comprenden o balance a 31 de decembro de 2024, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio rematado na devandita data.

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade a 31 de decembro de 2024, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2.a) da memoria) e, en particular, cos principios e criterios contables contidos neste.

### **Fundamento da opinión**

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo con estas normas descríbense máis adiante na sección *Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais* do noso informe.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables a nosa auditoría das contas anuais en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se vise comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión.

### **Aspectos máis relevantes da auditoría**

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

## Amortización dos dereitos de emisión

### Descrición

Na epígrafe de Inmobilizado Intanxible do activo non corrente do balance de situación, inclúense dereitos de emisión de programas e películas cun valor neto contable de 22.227 miles de euros.

A amortización destes dereitos, que ascendeu a 50.953 miles de euros en 2024, realízase, tal e como se indica na nota 3.2.d) da memoria, en función dunha serie de criterios que teñen en conta, entre outros, a tipoloxía dos dereitos, o número de pases contratados e emitidos ou o período de contratación, e que requiren a aplicación de xuízos de valor significativos.

Este feito, xunto coa relevancia das cifras involucradas, motiva que consideráramos a amortización dos dereitos de emisión como relevante no desenvolvemento do noso traballo de auditoría.

### Resposta de auditoría

Os nosos procedementos de auditoría consistiron, entre outros, nos seguintes:

- Entendemento e análise da razoabilidade das hipóteses e criterios utilizados pola Dirección para a determinación das amortizacións realizadas e da súa consistencia cos utilizados en exercicios anteriores.
- Para unha mostra das adquisicións do exercicio, verificación da súa correcta activación e consideración do período de contratación, número de pases adquiridos e tipoloxía do dereito con base na documentación xustificativa adecuada.
- Para unha mostra de dereitos, comprobación da correcta consideración dos pases emitidos en función dos partes de emisión.
- Comprobación da correcta aplicación dos criterios de amortización establecidos na nota 3.2.d) da memoria adxunta.
- Avaliación de que a desagregación da información incluída na nota 6 da memoria das contas anuais adxuntas en relación con ese aspecto resultan axeitados aos requiridos polo marco de información financeira aplicable.

## Saldos para cobrar e acordos de liquidación por IVE

### Descrición

A Sociedade ao 31 de decembro de 2024 ten rexistrado baixo a epígrafe "Debedores comerciais e outras contas para cobrar a longo prazo" un importe total de 72.884 miles de euros.

Tal e como se indica na nota 21 da memoria adxunta, dito importe corresponde aos saldos de IVE pendentes de cobramento dende o exercicio 2016 ata o 2024. As liquidacións do IVE dos exercicios 2016, 2017, 2018, 2019, 2020 e 2021 foron obxecto de inspección por parte da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), finalizando ditas inspeccións con acordos de liquidación. A Sociedade interpuxo recurso ante a Audiencia Nacional (AN) relativo ao IVE dos exercicios 2016, 2017, 2018, 2019 e 2020; e recurso de alzada ante o Tribunal Económico Administrativo Central (TEAC) relativo ao IVE do exercicio 2021.

A Dirección da Sociedade, así como os seus asesores fiscais, baseándose nos argumentos detallados na nota 21, consideran que os saldos pendentes de cobramento son de probable recuperación e que as reclamacións interpostas perante os tribunais mencionados anteriormente serán resoltas de forma favorable á Sociedade.

A recuperabilidade dos importes rexistrados baixo a epígrafe "Debedores comerciais e outras contas para cobrar a longo prazo" e a resolución dos acordos de liquidación da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) están suxeitos a xuízos significativos, polo que os consideramos como un aspecto relevante da nosa auditoría.

### Resposta de auditoría

Os nosos procedementos de auditoría incluíron, entre outros:

- O entendemento e a lectura de toda a documentación relativa ás inspeccións fiscais, tales como actas emitidas pola Axencia Tributaria, alegacións presentadas pola Sociedade, resolucións do Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia e do Tribunal Económico Administrativo Central, entre outras.
- Adicionalmente, obtivemos carta por parte dos asesores externos da Sociedade acerca da súa avaliación do resultado esperado dos recursos presentados.
- Por último, avaliamos que toda a información relativa a esta cuestión foi reflectida na memoria adxunta.

### **Outra información: Informe de xestión**

A outra información comprende exclusivamente o informe de xestión do exercicio 2024, cuxa formulación é responsabilidade dos administradores da Sociedade e non forma parte integrante das contas anuais.

A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cobre o informe de xestión. A nosa responsabilidade sobre o informe de xestión, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en:

- a) Comprobar unicamente que o estado da información non financeira, facilitouse na forma prevista na normativa aplicable e, no caso contrario, informar sobre iso.
- b) Avaliar e informar sobre a concordancia do resto da información incluída no informe de xestión coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas, así como avaliar e informar de se o contido e presentación de esta parte do informe de xestión son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, baseándonos no traballo que realizamos, concluimos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar diso.

Sobre a base do traballo realizado, segundo o descrito anteriormente, comprobamos que a información mencionada no apartado a) anterior facilítase na forma prevista na normativa aplicable e que o resto da información que contén o informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2024 e o seu contido e presentación son conformes á normativa que resulta de aplicación.

### **Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais**

Os administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, os administradores son responsables da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas con empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se os administradores teñen intención de liquidar a Sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

### **Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais**

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grao de seguridade, pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:


- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder a estes riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polos administradores.
- Concluímos sobre se é adecuada a utilización, polos administradores, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluímos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluímos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais ou, se estas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Non obstante, os feitos ou condicións futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.
- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluída a información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos cos administradores da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría.

Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación aos administradores da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría agás que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

K4 IBÉRICA AUDITORES, S.L.P. (nº ROAC S2482)



Enrique González González  
Inscrito no ROAC nº 17868

3 de abril de 2025



K4 IBÉRICA AUDITORES,  
S.L.P.

2025 Núm. 04/25/00904

SELLO CORPORATIVO: 96,00 EUR

Informe de auditoría de cuentas sujeto  
a la normativa de auditoría de cuentas  
española o internacional

CRTVG

***Aprobación  
de  
Contas***

***2024***



**Martina Puente Nogueira**, DNI 76865552N, na súa condición de secretaria non conselleira do Consello de Administración da **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.** (Corporación RTVG), domiciliada en San Marcos, Santiago de Compostela, NIF A15073349, inscrita no Rexistro Mercantil de Santiago Compostela, no tomo 212, libro 0, sección xeral de sociedades, folio 205, folla SC-4608, inscrición 46ª, no exercicio da facultade certificante que lle corresponde,

**CERTIFICA:**

**1º.** Que o **24 de abril de 2025**, en Santiago de Compostela, a **Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia**, na súa condición de socio único da **Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**, por ser titular do cento por cento (100%) do capital social, decidiu, de conformidade co que se dispón no artigo 15 da Lei de sociedades de capital, exercer as competencias da Xunta Xeral e en consecuencia aprobar as **contas anuais auditadas, o informe de xestión (que inclúe, de forma separada, o estado de información non financeira, co informe de verificación correspondente) e a proposta de aplicación do resultado da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. correspondentes ao exercicio social que se pechou o 31 de decembro de 2024.**

**2º.** Que na devandita Xunta Xeral se decidiu aplicar o resultado nos termos que se establecen na nota 14 (páxina 32) da Memoria das contas anuais: os 113.494.065 € de resultado contable negativo que se reflicten na conta de perdas e ganancias e no balance sanearanse con cargo a *Achegas de socios* -para compensación de perdas- que, por importe de 119.923.348 € a conta, figuran tamén rexistrados no mencionado balance. O importe restante das devanditas *Achegas* (6.429.283 €) aplicarase para *Reservas voluntarias*.

E para que así conste, expide esta certificación, co visto e praxe do presidente do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en Santiago de Compostela, a **24 de abril de 2025**.



CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA



Asdo.: **Martina Puente Nogueira**  
Secretaria non conselleira do Consello de  
Administración da Corporación RTVG



CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA



Asdo.: **Álvaro Alonso Filgueira**  
Presidente do Consello de  
Administración da Corporación RTVG





# 40

**ANIVERSARIO**

